

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 28 de agosto de 2015**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

Excmo. Sr. Alcalde  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

**Invitados**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e oito de agosto de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(958) .- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA (AUXILIAR EVENTUAL).**

Dáse conta da referida resolución do Excmo. Alcalde, de data 24.08.15, que di o seguinte:

*En sesión extraordinaria de data 19 de xuño 2015, a Xunta de Goberno Local acordou determinar o número e réxime do persoal eventual correspondente aos grupos políticos municipais do*

Concello de Vigo, dentro dos termos do contemplado nos vixentes Orzamentos Municipais e Relación de Postos de Traballo.

Considerando o disposto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ás funcións de asesoramento e confianza especial que presta o persoal eventual, así como ás condicións de nomeamento e cesamento do mesmo e nos arts. 104 e 104 bis da LRBRL; no uso das competencias que me atribúe o artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente

**RESOLVO:**

Primeiro.- Nomear persoal eventual suxeito ao previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, á persoa proposta polo Grupo municipal Socialista, seguidamente relacionada con cargo ao posto indicado de seguido:

POSTO	DEDICACIÓN	RETR.BRUTA ANUAL	NOME
Auxiliar eventual	Xornada completa	21.495,18 euros	Pereira Rodríguez, Rocío

Segundo.- Dispoñer que o réxime retributivo e o de prestación das funcións de asesoramento ou confianza especial será o acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data.19.06.2015.

Terceiro.- Dar conta á Xunta de Goberno Local e establecer así mesmo a súa inclusión no réxime de publicidade previsto no artigo 104. Bis LRBRL, dispoñendo a publicación semestralmente na sede electrónica e no BOP da provincia do número dos postos de traballo reservados a persoal eventual, dando conta ao Pleno da Corporación con carácter trimestral.

Cuarto.- Notifíquese a presente á Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, interesados/as e grupo político municipal do PsdeG-PSOE.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **2(959).- DAR CONTA DE SENTENZAS, DECRETOS E AUTOS.**

Dáse conta das seguintes Sentenzas e Autos remitidos por Asesoría Xurídica:

a) Expte. 9159-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 263/15 P.A. Demandante: D<sup>a</sup> NANCY E. PÉREZ CARDOZO. Obxecto: XGL 20.2.2015 (en reposición). Axudas extraordinarias-2014 (Benestar Social- Expte.: 98281/301). Desestimado o recurso.

b) Expte. 6936/111. Auto do Tribunal Supremo, Sala do Social, no rec. Casación 1854/2014 en relación coa Sentenza do TXSG no rec. Suplicación nº 1250/2012 interposto por D<sup>a</sup> MARÍA C. ALONSO COSTAS e 12 persoas máis contra Sentenza desestimatoria do X.do Social nº 1 de Vigo, Obxecto: Contrato administrativo de servizos. "Cesión ilegal de traballadores" e equiparación retributiva ao persoal.

- c) Expediente. 8612/111. Sentenza do TSXG, Sala do C-A, Sección 1ª, no rec. Apelación nº 76/3015 interposto por D. BENITO RAMÍREZ ABAL contra sentenza desestimatoria do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo ( XGL do 7-2-2014 -enalzada-Selección Técnico Medio de Arquivos). Desestimada a apelación.
- d) Expte. 8246-111. Sentenza do X. do Social nº 4 Reforzo de Vigo. Procedemento1030/2013 (Despedimento/Cesamento). Demandantes: Dª Susana Bernárdez Fernández, Dª Rosa Barandela Vázquez, Dª Patricia Villar Posada. Estimada parcialmente la demanda.
- e) Expte. nº 9108/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 189/15 P.A. Demandante: D. JOSÉ ROSENDE SUÁREZ. Obxecto: Proc. Sanción de tráfico, estacionamento en carga e descarga. Contía: 200 €. Desestimado o recurso.
- f) Expte. nº 8118/111. Sentenza do X.do Social nº 4 de Vigo no Procedemento Ordinario nº 474/2013. Demandante: Dª SUSANA BERNÁRDEZ FERNÁNDEZ e 2 persoas máis. Persoal dos contratos de servizos dos CENTROS CÍVICOS. Estimado parcialmente o recurso.
- g) Expte. 9109/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo. RC-A nº 192/15 P.A. Demandante: C.P. AVDA. ALCALDE PORTANET, 27. Obxecto: Resolución do 19.01.2015, RPA, filtracións no soto por obras “humanización”(Expte. 4287/243.) Desestimado o recurso.
- h) Expte. 8910/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 431/14 P.O. Demandante: BURGOS 25, C.B. Obxecto: Desestimación presunta. Solicitud do 13.5.2014 desafectación de vial inventariado rúa Burgos e Soria, O Calvario. Desestimado o recurso.
- i) Expte. 9150/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 261/15 P.A. Demandante: RAPADO OGANDO, S.L. Obxecto: Sanción de tráfico estacionamento carril (Expte.: 148611303). Desestimado o recurso.
- k) Expte. 9142/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 246/15 P.A. Demandante: D. MANUEL FÉLIX PÉREZ COBAS. Obxecto: Resolución do 9.3.2015. RPA, caída na vía pública o 11.8.2011-lousa solta (Expte.: 4051/243). Desestimado o recurso.
- l) Expte. 9122/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 222/2015 P.A Demandante: MARIA ISABEL SAN PEDRO ACUÑA. Obxecto: Resolución do 02.02.2015, Sanción Tráfico (Expte: 148627202) Estimado o recurso.
- m) Expte. 9009/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 63/2015 P.O. Demandante: HOSTELERIA SAMIL PLAYA. Obxecto:XGL do 23/01/2015 (en reposición contra o do 31/10/2014) Orde de retirada de tobogán instalado na praia de Samil (Exp: 19702/240). Desestimado o recurso.
- n) Expte. 9135-111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 227/15 P.A. Demandante: Dª. Mª DEL CARMEN SILVA GARRIDO. Obxecto: Resolución do 2 de febreiro de 2015 ( en reposición), sanción Tráfico (Expte.: 148623198). Desestimado o recurso.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **3(960).- INCREMENTO DE DOTACIÓN PARA AXUDAS DE FAMILIAS DENTRO DO “MARCO DE ACTUACIÓN DO PROGRAMA DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS MUNICIPAIS NON PERIÓDICAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2015. EXPTE. 102918/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 17.08.15, dáse conta do informe da técnica de Servizos Económicos, do 7.08.15, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 30 de decembro de 2014 aprobou o “MARCO DE ACTUACIÓN DO PROGRAMA DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS MUNICIPAIS NON PERIÓDICAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2015”*

*Na cláusula quinta das bases especificase que “... de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificaránse as partidas na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes ...”*

*No departamento detéctase que a situación das familias con problemas económicos agravouse dunha maneira moi importante pola situación da crise xeneralizada; esta situación tamen provoca demoras nas adxudicacións de axudas periódicas doutras institucións autonómicas e/ou estatais que, as veces, triplica o tempo normal de adxudicación. Esta problemática produce unha necesidade de concesión de axudas económicas de emerxencia que está a superar tódalas previsións.*

*En base ao anterior, é necesario é urxente incrementar a dotación para axudas a familias da aplicación 2310-4800000, en 100.000 € e autorizar o gasto con cargo ao RC 201500051926.*

Dáse conta, así mesmo, da proposta da xefa do Servizo de Política de Benestar, do 7.08.15, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política Social, que di o seguinte:

*Á vista do informe emitido pola técnica de servizos económicos, á Xunta de Goberno Local propónse a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Autorizar o gasto de 100.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2310.4800000, para facer fronte ás axudas económicas individuais de emerxencia para o exercicio 2015.*

*Segundo.- Autorizar a realización de libramentos a xustificar, à solicitude de Política de Benestar, ata o importe máximo indicado no apartado anterior, a nome de funcionarias/os habilitadas/os do departamento.*

*Non obstante esa Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.*

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(961).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA XESTIÓN PARCIAL DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO. EXPTE. 16769/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.08.15, dáse conta da proposta do 6.08.15, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A mesa de Contratación celebrada o 05 de agosto de 2015 acordou:*

*6.- Proposta de Adxudicación.*

- a) *Procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola municipal de teatro (expediente 16769-332)*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo da xestión parcial da escola municipal de teatro (expediente 16769-332) (PCAP).*

ANTECEDENTES

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 27 de xullo de 2015, adoptou o seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto do servizo da xestión parcial da escola municipal de teatro (expediente 16769-332)” no seguinte orde decrecente:*

1. *IMAXINIERIA, S.L.: 95 puntos*

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMAXINIERIA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*

- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

*Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 658,80 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

*Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 27 de xullo de 2015, que presenta a documentación requirida en data 30 de xullo de 2015, dentro do prazo sinalado.*

*Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 05 de agosto de 2015, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.*

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).*

*Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.*

*Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).*

*A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IMAXINIERIA, S.L. á vista dos informes do Técnico Superior de Educación de datas 4 de xuño e e 14 de xullo de 2015. Este informe poderá consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.*

*Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.*

*En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Adxudicar á IMAXINIERIA, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo da xestión parcial da escola municipal de teatro (expediente 16769-332) , por un prezo de 368.963,37 euros, IVE engadido, e comprometéndose á impartición de 60 horas anuais de cursos monográficos (un total de 240 horas nos 4 anos de contrato) coas seguintes prestacións adicionais:*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(962).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA 2ª EDICIÓN DA CARREIRA “24 HORAS DE VIGO”, OS VINDEIROS 29-30 DE AGOSTO NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 14007/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 11.06.15, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

#### **1.- ANTECEDENTES:**

*A entidade Club Castrelos 20.30 con CIF (G27756063), solicitou o día 4-02-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150014197) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: 2ª edición “24 HORAS DE VIGO”*
- *Data: 29-30 de agosto de 2015*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que comenzará o sábado 29 de agosto ás 12.00h e rematará ás 12.00h do domingo 30 de agosto de 2015, esta proba deportiva se levará a cabo integramente no Parque de Castrelos.*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*
- *Montes, parques e xardíns*
- *Limpeza*
- *Festas*

#### **2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

### 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Club Castrelos 20.30 con CIF (G27756063), a organizar a 2ª edición da carreira 24 HORAS DE VIGO, esta carreira se levará a cabo integramente no parque de Castrelos comenzando o sábado 29 de agosto ás 12.00h e rematando o domingo 30 ás 12.00h.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **6(963).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “II TROFEO MINI-DH MONTES DE CORUXO” O VINDEIRO 29 DE AGOSTO. EXPTE. 14308/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 24.08.15, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

### 1.- ANTECEDENTES:

O Club Ciclista Coruxo, co CIF G27710730, solicitou o día 6-08-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150102745) autorización do Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: II TROFEO MINI-DH MONTES DE CORUXO
- Data: 29 de AGOSTO DE 2015

O Club Ciclista Coruxo, remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente ao evento deportivo II TROFEO MNI-DÑ MONTES DE CORUXO. Dito evento deportivo terá lugar o vindeiro 29 de agosto, de 15.00h a 20.00h e se levará a cabo nos terrenos da Comunidade de Montes de Coruxo nas inmediacións do Torreiro de Fragoselo en Coruxo.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local
- Protección civil
- Comunidade de Montes veciñais en Man Común de Coruxo

### 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.



Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

### 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Club Ciclista Coruxo co CIF G27710730, a organizar o vindeiro sábado 29 de agosto de 2015, o II TROFEO MNI-DH MONTES DE CORUXO. Esta proba se levará a cabo nos terrenos da Comunidade de Montes de Coruxo que se atopan nas inmediacións do Torreiro de Fragoselo en Coruxo. A proba comenizará ás 15.00h e rematará ás 20.00h.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(964).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “XLII GRAN PREMIO CICLISTA CIDADE DE VIGO”, OS VINDEIROS 29-30 DE AGOSTO. EXPTE. 14266/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 19.08.15, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

#### 1.- ANTECEDENTES:

O Club Ciclista Vigués, co CIF G36650885, solicitou o día 7-07-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150089882) autorización do Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: “XLII GRAN PREMIO CICLISTA CIDADE DE VIGO”
- Data: 29 e 30 de AGOSTO DE 2015

O Club Ciclista Vigués, remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente ao evento deportivo “XLII GRAN PREMIO CICLISTA CIDADE DE VIGO”. O dito evento deportivo terá lugar os vindeiros 29 e 30 de agosto, co seguinte percorrido:

- Sábado 29 de agosto: comezo ás 17.30 horas, cun circuíto pola rúa García Barbón, tramo comprendido entre a rúa República Arxentina e Serafín Avendaño.

- Domingo 30 de agosto: comezo a partir das 9.30 horas, cunha cronoescalada por Porta do Sol, Príncipe, López de Neira, Progreso, Paseo de Granada, Marqués de Alcedo, Manuel Olivíe, Paseo dos Cedros, Paseo Cronista Álvarez Blázquez, Manuel Olivíe e Paseo de Rosalía de Castro. A continuación, escalada por cruce de Camelias, Venezuela, Marqués de Alcedo, Manuel Olivíe + 10 voltas polo paseo dos Cedros, Cronista Álvarez Blázquez, Manuel Olivíe e Rosalía de Castro.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local
- Seguridade
- Protección civil

#### 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a

motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

### 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Club Ciclista Vigués co CIF G36650885, a organizar os días 29 e 30 de agosto de 2015, o XLII GRAN PREMIO CICLISTA CIDADE DE VIGO. Esta proba terá o seguinte percorrido: Sábado 29 de agosto: comezo ás 17.30 horas, cun circuíto pola rúa García Barbón, tramo comprendido entre a rúa República Arxentina e Serafín Avendaño.- Domingo 30 de agosto: comezo a partir das 9.30 horas, cunha cronoescalada por Porta do Sol, Príncipe, López de Neira, Progreso, Paseo de Granada, Marqués de Alcedo, Manuel Olivie, Paseo dos Cedros, Paseo Cronista Álvarez Blázquez, Manuel Olivie e Paseo de Rosalía de Castro. A continuación, escalada por cruce de Camelias, Venezuela, Marqués de Alcedo, Manuel Olivie + 10 voltas polo paseo dos Cedros, Cronista Álvarez Blázquez, Manuel Olivie e Rosalía de Castro.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(965).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “TRAVESÍA A NADO “DESAFÍO ISLAS CÍES”, O VINDEIRO 29 DE AGOSTO. EXPTE. 14081/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 11.08.15, conformado polo secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

#### 1.- ANTECEDENTES:

A Asociación de Aguas Abertas de Galicia (CIF:G27742386), solicitou o día 29-04-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150051192) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: TRAVESIA A NADO “DESAFIO ISLAS CÍES”
- Data: 29 DE AGOSTO DE 2015
- Horario:
  - Inicio e fin evento: 11.00H A 14.00H

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a TRAVESIA A NADO “DESAFIO ISLAS CÍES”. O dito evento que terá lugar o sábado 29 de agosto de 2015, desenvolverase entre as 11 e as 14 horas, con saída da praia do Vao.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local*
- *Seguridade*
- *Protección civil*
- *Servizo de Costas de Pontevedra*
- *Medio Ambiente*

## 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*A entidade solicitante deberá cumprir as "Normas xerais sobre a utilización de espazos públicos" aprobadas pola Comisión de Goberno o 17 de marzo de 2003, así como o disposto no anexo II do Regulamento Xeral de Circulación referido a probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos.*

*Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

## 3- PROPOSTA DE ACORDO:

*Autorizar á Asociación de Aguas Abiertas de Galicia (CIF:G27742386), a organizar o vindeiro sábado 29 de agosto de 2015 o evento deportivo denominado TRAVESIA A NADO "DESAFIO ISLAS CÍES" o evento se levará a cabo entre as 11.00 h e as 14.00 h, con saída dende a praia do Vao.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **9(966).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA POLA QUE SE APROBA O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO EXERCICIO 2015. EXPTE. 48033/516.**

Dáse conta do Decreto de data 20.08.15, polo que o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda resolve o seguinte:

*No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85 e Decreto de Alcaldía de 19 de xuño de 2015) e conforme o artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral,*

*De conformidade co Informe-Proposta da Dirección de Ingresos, de data 12 de agosto de 2015 e Informe da Intervención Xeral de data 19 de agosto de 2015,*

**RESOLVO:**

1. **APROBAR O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS do Municipio de Vigo para o ano 2015 por importe total 12.114.240,60€ dos que 10.848.616,71€**

*corresponden á cota municipal e 1.265.623,89€ ao recargo provincial, que contén 3.724 inscricións, comezando por "A CASTELO SL" e rematando por "ZUNIBAL, SL".*

- 2. Dar conta á XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co cita-  
do artigo 63.2. da Ordenanza fiscal xeral.*
- 3. Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os  
efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un  
dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposi-  
ción ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o  
Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día  
seguinte ao de finalización do período voluntario de pago.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **10(967).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA POLA QUE SE APROBA O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA E DE BENS DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS DO EXERCICIO 2015. EXPTE. 40979/512.**

Dáse conta do Decreto de data 31.07.15, polo que o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda resolve o seguinte:

*No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85) e Decreto de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e conforme o artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral,*

*De conformidade co Informe-Proposta da Dirección de Ingresos, de data 24 de xullo de 2015 e informe da Intervención Xeral de data 28/07/2015,*

### **RESOLVO:**

- 1. APROBAR O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO ANO 2015 por im-  
porte de 63.957.678,39 € (SESENTA E TRES MILLÓNS NOVECENTOS CINCUENTA E  
SETE MIL SEISCENTOS SETENTA E OITO EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTI-  
MOS) que consta de 203.407 inscricións de BENS DE NATUREZA URBANA por importe  
de 61.583.767,38 € segundo relación que comeza por FERNÁNDEZ DIZ JOSÉ LUIS e  
remata por AQUALIA Y FCC UTE VIGO e de 738 inscricións de BENS DE CARACTE-  
RÍSTICAS ESPECIAIS por importe de 2.373.911,01 € segundo relación comeza por  
AENA AEROPUERTOS SA. e remata por AQUALIA Y FCC UTE VIGO."*
- 2. Dar conta á XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co cita-  
do artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral.*
- 3. Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os  
efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un  
dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposi-  
ción ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal  
Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguin-  
te ó de finalización do período voluntario de pago.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **11(968).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A XESTIÓN PARCIAL, DOCENCIA E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA. EXPTE. 15774/332.**

Visto o informe xurídico do 7.08.15 e o de fiscalización do 19.08.15, dáse conta do informe-proposta do técnico superior de Educación, do 3.08.15, conformado pola concelleira de Educación e a concelleira de Orzamentos e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

*A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 29 de xullo de 2014, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar definitivamente a Wenceslao Cabezas del Toro o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola municipal de danza (expte 15774-332), de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 4/04/2014 e a oferta presentada.*

*No prego de cláusulas administrativas se fixa unha duración do contrato de un ano e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo (Cláusula 7.3 e apartado 4.C das FEC). Así, prevése a posibilidade de prórroga por un máximo de 10 meses, fixándose como data límite de finalización da prórroga o día 31 de xullo de 2016.*

*A prestación do servizo de xestión da Escola municipal de danza por parte da empresa actualmente adxudicataria (Wenceslao Cabezas del Toro) estase a realizar a plena satisfacción deste servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta, e a un prezo competitivo. Polo tanto, dende o servizo municipal de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a concreción da continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga de dez meses contemplada no correspondente PCAP.*

*Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe xurídico e da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Autorizar a prórroga do contrato para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Danza (expte 15774-332) para o periodo comprendido entre o 1/10/15 e o 31/07/16, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.*

*2º.- O importe da prórroga, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, será de 111.096,70 euros; a súa distribución anual será a seguinte:*

- Ano 2015 (1/10/2015-31/12/2015): 33.329,01 €, que se imputarán á partida 3260.227.99.26 (Escola Municipal de Danza), e bolsa de vinculación.*
- Ano 2016 (1/1/2016-31/07/2016): 77.767,69 €, que se imputarán á partida 3260.227.99.26 (Escola Municipal de Danza), e bolsa de vinculación.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(969).- PAGO DAS DIETAS POR ASISTENCIAS DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS ÁS SESIÓNS DOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO, NO PERÍODO XANEIRO A XULLO DE 2015. EXPTE. 17252/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26.08.15 e o informe de fiscalización do 7.08.15, dáse conta do informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 30.07.15, conformado pola concelleira-delegada de Educación e o concelleiro-delegado de Facenda, que di o seguinte:

*Consonte co establecido na lexislación educativa vixente, a Lei Orgánica da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (BOE nº 295 martes 10/décembro/2013) que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, recolle no seu artigo 126.1.c) que entre os membros que componen o Consello Escolar estará un Concelleiro/a ou representante do Concello do termo municipal onde esté radicado o centro. Igualmente os Concellos, consonte co establecido no artigo 25.2.n) da Lei 27/2103 teñen como competencia propia e responsabilidade legal a conservación, mantemento e vixianza dos colexios públicos, e a LOMCE tamén establece no seu artigo 80 entre as competencias do Consello Escolar de Centro a “promoción da conservación e renovación das instalacións escolares”.*

*En aras de cumprir esta obriga municipal e segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2015, aprobouse entre outros, o nomeamento de Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público de Educación Infantil, Primaria e Secundaria (Expte 16802/332), e a autorización para que perciban en concepto de asistencias efectivas a cada sesión do órgano colexiado a dieta de 39,78.-€ (TRINTA E NOVE CON SETENTA E OITO EUROS), para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B; e a dieta de 36,72.-€ (TRINTA E SEIS CON SETENTA E DOUS EUROS) para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D; cantidades homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.*

*O referido R.D. recolle nos seus artigos 1.d) / 7.1.a) / 28.1 que : “Darán orixe a indemnización ou compensación as asistencias pola concurrencia, persoal ou por representación, as reunións de Órganos Colexiados da Administración, de Órganos de Administración de Órganos Públicos...”*

*Tal é o caso dos Consellos Escolares dos Centros Públicos, como Órgano Colexiado de Goberno dos centros de ensino público que dependen da Admón. Educativa Competente, neste caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que permiten participar na xestión dos centros aos distintos membros da comunidade escolar, ademais de constituir a canle para o control e xestión dos fondos públicos.*

*Tamén recolle no seu artigo 2e) que : “O presente R.D. será de aplicación para o persoal ao servizo das Corporacións Locais, tal e como prevé a súa lexislación específica”.*

*Contabilizadas as asistencias ós Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, aportadas polos diferentes representantes municipais, dende o 15 de xaneiro ate o 28 de xullo dos correntes, elévanse á cantidade de 170 consellos escolares.*

*Na documentación que acompaña a este expediente, adxúntanse ademais dos xustificantes de asistencia expedidos polos centros de ensino, cada unha das fichas correspondentes ás sesións dos Consellos Escolares desenvolvidas polos representantes municipais, que con posterioridade quedarán arquivadas para a súa pertinente consulta nas dependencias do Servizo de Educación.*

Asemade, e a efectos de cómputo, de cada representante municipal relacionase cronolóxicamente a data de asistencia da primeira e última sesión do consello escolar por cada un deles efectuada.

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local o seguinte:

“Aproba-la cantidade de 6.533,31.-€ (SEIS MIL CINCOCENTOS TRINTA E TRES CON TRINTA E UN EUROS) en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares no periodo xaneiro a xullo de 2015, con cargo á Partida Presupostaria 3230.233.00.00 dietas asistencia consellos escolares, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M, GRUPO A2 (20/01/2015 - 30/06/15) .....	29 X 39,78.-€ .....	1153,62.-€
Zona 2.- MARIA LUISA OTERO VÁZQUEZ, NIF: 36.000.484-X, GRUPO C1 (20/01/2015 - 24/03/15) .....	8 X 36,72.-€ .....	293,76.-€
Zona 3.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N, GRUPO C1 (15/01/2015 - 28/07/2015) .....	16 X 36,72.-€ .....	587,52.-€
Zona 4.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: 36.046.809-J, GRUPO A1 (20/01/2015 - 30/06/2015) .....	19 X 39,78.-€ .....	755,82.-€
Zona 5.- BEATRIZ ALONSO ASENJO, NIF: 35.991.455-C, GRUPO A2 (16/01/2015 - 28/07/2015) .....	18 X 39,78.-€ .....	716,04.-€
Zona 6.- FELIPE CODESIDO RODRÍGUEZ, NIF: 36.081.823-K, GRUPO C1 (20/01/2015 - 30/06/2015) .....	20 X 36,72.-€ .....	734,4.-€
Zona 7.- ROCIO BRUZON ALCAÑIZ, NIF: 36.058.643-W, GRUPO C1 (20/01/2015 - 30/06/15) .....	19 X 36,72.-€ .....	697,68.-€
Zona 8.- MARIA JOSE FARALDO RIVAS, NIF: 36.056.377-J, GRUPO C2 (14/04/2015 - 29/06/15) .....	12 X 36,72.-€ .....	440,64.-€
Zona 9.- MARIA JESÚS SANROMÁN VARELA, NIF: 36.018.668-R, GRUPO A2 (12/05/2015 - 03/07/2015) .....	4 X 39,78.-€ .....	159,12.-€
Zona 10.- MARIA JOSE THOMAS BERBEN, NIF: 8.758.892-D, GRUPO A2 (24/03/2015 - 29/06/2015) .....	5 X 39,78.-€ .....	198,9.-€
Zona 11.- YOLANDA FAJIN TORRES, NIF: 33.297.554-V, GRUPO A2 (27/04/2015 - 30/06/2015) .....	6 X 39,78.-€ .....	238,68.-€
Zona 12.- DOLORES GONZALEZ ALONSO, NIF: 36.054.508-F, GRUPO A2 (13/04/2015 - 06/07/2015) .....	14 X 39,78.-€ .....	556,92.-€

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(970).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE XULLO DE 2015. EXPTE. 6181/335.**

Mediante providencia de data 5.08.15, co fin de dar cumprimento ao establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo prorrogado para o ano 2015, a concelleira delegada de Festas e Turismo, dá conta á Xunta de Goberno local da relación de expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Festas, duante o mes de xullo de 2015, que son os seguintes:

*Expte: 6133/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN DO MATERIAL GRÁFICO PARA O PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2015*

*Decreto concelleira data: 09/07/2015*

*Informe Intervención: RCM 46850*

*Adxudicatario: ECOVIGO PUBLICIDAD SL*

*Importe total: 16.216,90 EUROS*

*Expte: 6139/335. CONTRATACIÓN DA REVISIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO AUDITORIO DE CASTRELOS DE CARA ÁS ACTUACIÓNS DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2015*

*Decreto concelleira data: 14/07/2015*

*Informe Intervención: RCM 46388*

*Adxudicatario: PEDRO MURCIEGO DELGADO*

*Importe total: 3.509,00 EUROS*

*Expte: 6134/335. CONTRATACIÓN DA VENDA DE ENTRADAS A TRAVÉS DE ATAQUILLA.COM PARA OS CONCERTOS NO AUDITORIO DE CASTRELOS DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2015*

*Decreto concelleira data: 16/07/2015*

*Informe Intervención: RCM 47079*

*Adxudicatario: FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL*

*Importe total: 4.120,00 EUROS*

*Expte: 6148/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE THE SOUL JACKETS - PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2015*

*Decreto concelleira data: 17/07/2015*

*Informe Intervención: RCM 47447*

*Adxudicatario: ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SL*

*Importe total: 3.025,00 EUROS*

*Expte: 6149/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DA CORAL CASABLANCA - PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2015*

*Decreto concelleira data: 21/07/2015*

*Informe Intervención: RCM 47785*

*Adxudicatario: FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA DEL CÍRCULO MERCANTIL DE VIGO*

*Importe total: 8.000,00 EUROS*

*Expte: 6140/335. CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PREVENTIVOS DE CRUZ VERMELLA PARA ESPECTÁCULOS NO AUDITORIO DE CASTRELOS - PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2015*

*Decreto concelleira data: 22/07/2015*



*Informe Intervención: RCM 48604  
Adxudicatario: CRUZ ROJA ESPAÑOLA  
Importe total: 2.500,00 EUROS*

*Expte: 6156/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA TOY MUSICAL - PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2015  
Decreto concelleira data: 23/07/2015  
Informe Intervención: RCM 49870  
Adxudicatario: BIGLAB SLU  
Importe total: 21.767,90 EUROS*

*Expte: 6150/335. CONTRATACIÓN DA MONTAXE DE FERROS E INFRAESTRUTURAS PARA O ESCENARIO DO AUDITORIO DE CASTRELOS - PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2015  
Decreto concelleira data: 24/07/2015  
Informe Intervención: RCM 49996  
Adxudicatario: SACAFERRO SL  
Importe total: 17.499,56 EUROS*

*Expte: 6151/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA O CONCERTO DA CORAL CASABLANCA - PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2015  
Decreto concelleira data: 24/07/2015  
Informe Intervención: RCM 49997  
Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL SL  
Importe total: 20.332,89 EUROS*

*Expte: 6152/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA O CONCERTO DE LOS ENEMIGOS - PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2015  
Decreto concelleira data: 24/07/2015  
Informe Intervención: RCM 49998  
Adxudicatario: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL SL  
Importe total: 11.839,31 EUROS*

*Expte: 6154/335. CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓN ARTÍSTICAS PARA O EVENTO 40 HOT MIX ROAD SHOW - PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2015  
Decreto concelleira data: 24/07/2015  
Informe Intervención: RCM 49999  
Adxudicatario: RADIO VIGO SA  
Importe total: 18.000,00 EUROS*

*Expte: 6155/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA O EVENTO 40 HOT MIX ROAD SHOW - PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2015  
Decreto concelleira data: 24/07/2015  
Informe Intervención: RCM 50000  
Adxudicatario: EAJ48 EVOLUCIÓN MULTIMEDIA SL  
Importe total: 6.000,00 EUROS*

*Expte: 6157/335. CONTRATACIÓN DO REFORZO DE PANTALLAS PARA OS CONCERTOS DE LOS ENEMIGOS E JULIETA VENEGAS - PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2015  
Decreto concelleira data: 28/07/2015  
Informe Intervención: RCM 50260  
Adxudicatario: CEGA CONGRESOS AUDIOVISUALES SL  
Importe total: 5.747,50 EUROS*

Expte: 6153/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA O CONCERTO DE JULIETA VENEGAS - PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2015

Decreto concelleira data: 30/07/2015

Informe Intervención: RCM 50938

Adxudicatario: ELVIRA ZAPATA VILA

Importe total: 13.325,73 EUROS

Expte: 6162/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA OS ESPECTÁCULOS CATIVO MUSICAIS- PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2015

Decreto concelleira data: 31/07/2015

Informe Intervención: RCM 51395

Adxudicatario: ELVIRA ZAPATA VILA

Importe total: 12.750,13 EUROS

Expte: 6163/335. CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS E DAS LUCES E SON PARA OS ESPECTÁCULOS LA BANDA DE MIREIA E EL REY DE LA SABANA- PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2015

Decreto concelleira data: 31/07/2015

Informe Intervención: RCM 51396

Adxudicatario: CATEGÓRICA PRODUCCIONES SL

Importe total: 20.835,97 EUROS

Expte: 6165/335. CONTRATACIÓN DAS ACTIVIDADES INFANTÍS POR BARRIOS- PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2015

Decreto concelleira data: 31/07/2015

Informe Intervención: RCM 51397

Adxudicatario: BARAFUNDA SL

Importe total: 19.662,50 EUROS

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **14(971).- XUSTIFICACIÓN DE LIBRAMENTOS. EXPTE. 102538/140.**

Dáse conta do informe da xefa do Servizo de Fiscalización, conformado polo viceinterventor Adxunto, do 6.08.15, que di o seguinte:

*Lexislación aplicable:*

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento prorrogado de 2014.

### **INFORME INTERVENCIÓN**

*En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:*

Habilitado	Nºpaga-mento	Aplicación orzamenta-ria	Importe librado	Importe xustifi-cado	Data de paga-mento	Data Real xus-ticación	Data legal de xustifi-cación	Reinte-gro	S/ a fa-vor
Abalde Comesaña Raquel	201500042260	9120.2260100	1.100,00	1.100,00	01/07/15	03/07/15	01/10/15	----	---
Barbará Rodríguez Beatriz	201500033645	9200.2090000	2.400,00	2.400,00	28/05/15	03/07/15	28/08/15	----	---
Escariz Couso Alberto	201500013243	9310.1620000	720,00	648,03	24/02/15	02/07/15	24/05/15	71,97	---
Escariz Couso Alberto	201500019740	9201.1620001	275,00	275,00	23/03/15	24/04/15	23/06/15	----	---
Escariz Couso Alberto	201500019742	9201.1620001	485,00	485,00	23/03/15	24/04/15	23/06/15	----	---
Escariz Couso Alberto	201500020496	2311.4800000	3.000,00	2.025,00	26/03/15	17/07/15	26/06/15	975,00	---
Escariz Couso Alberto	201500044028	9200.2219901	131,10	131,10	06/07/15	28/07/15	06/10/15	----	---
Espada Recarey Luis	201500025663	9250.2200100	500,00	417,10	22/04/15	06/07/15	22/07/15	82,90	---
Espada Recarey Luis	201500025664	9250.2230000	1.000,00	128,63	22/04/15	13/07/15	22/07/15	871,37	---
Espada Recarey Luis	201500025665	9250.2200000	500,00	160,54	22/04/15	06/07/15	22/07/15	339,46	---
Espada Recarey Luis	201500030397	9250.2260100	500,00	----	11/05/15	29/07/15	11/08/15	500,00	---
Magdalena Vila Mª Jesús	201500017981	9320.2269900	300,00	170,90	12/03/15	23/06/15	12/06/15	129,10	---
Quintela Rodríguez Mª José	201500014762	2310.4800000	100.000,00	97.887,88	02/03/15	23/06/15	02/06/15	2.112,12	---
Quintela Rodríguez Mª José	201500024036	2310.7800000	20.000,00	19.983,15	14/04/15	29/07/15	14/07/15	16,85	---
San Luis Costas Avelino	201500002380	9120.2260100	3.000,00	1.461,13	16/01/15	25/06/15	16/04/15	1.538,87	---
San Luis Costas Avelino	201500042259	9120.2260901	11.132,00	11.132,00	01/07/15	02/07/15	01/10/15	----	---
Vieites Alén José Manuel	201500020692	9200.2090000	1.543,08	----	27/03/15	03/07/15	27/06/15	1.543,08	---
<b>TOTAL</b>			146.586,18	138.405,46				8.180,72	

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido, a excepción dos libramentos nº 201500013243 e 201500020496 de Escariz Couso Alberto, 201500017981 de Magdalena Vila Mª Jesús, 201500014762 e 201500024036 de Quintela Rodríguez Mª José, 201500002380 de San Luis Costas Avelino e 201500020692 de Vieites Alén José Manuel.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.	✓	

*Resultado da fiscalización*

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	Os libramentos nº 201500013243 e 201500020496 de Escariz Couso Alberto, 201500017981 de Magdalena Vila M <sup>a</sup> Jesús, 201500014762 e 201500024036 de Quintela Rodríguez M <sup>a</sup> José, 201500002380 de San Luis Costas Avelino e 201500020692 de Vieites Alén José Manuel non se renderon dentro do prazo legal de xustificación.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente relación de xustificantes de libramentos.

### **15(972).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA PARA A TRAMITACIÓN DUN SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA SUFRAGAR OS CUSTES DOS CONTRATOS DE RECOLLIDA DE LIXO E LIMPEZA VIARIA. EXPTE. 2125/106.**

Visto o informe de fiscalización do 11.08.15, dáse conta da proposta do Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, do 10.08.15, que di o seguinte:

*Modificación orzamentaria núm: (61/2015).*

*Tipificación da Modificación: Suplemento de Crédito*

*Expediente: 2125/106*

*Contía do Suplemento de Crédito: 3.797.493,55 euros*

*Finalidade: Atender a insuficiencia de crédito das aplicacións que figuran na memoria xustificativa do servizo de limpeza*

*Normativa:*

*Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*

*Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

*Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP).*

*Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

*Decreto de Delegación de competencias de 19 de xuño de 2015.*

*Bases de Execución do Orzamento que rexen para o ano 2015*

## Antecedentes

En execución da Resolución do Sr. Alcalde - Presidente do 7 de agosto de 2015, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (61/2015), que está conformado da seguinte documentación acreditativa: Memoria xustificativa do Sr. Xefe do servizo de limpeza asinada o 06/08/2015, conformada polo Concelleiro da Área de Fomento e o de Orzamentos e Facenda (Delegación do Sr. Alcalde de data 19 de xuño de 2015) e Resolución da Alcaldía Presidencia, na que en base a memoria técnica, xustifícase a inaprazabilidade do gasto que hai que acometer.

A vista da documentación, para a continuación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no art.123.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, fórmulase ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa, á adopción do seguinte acordo:

## PROPOSTA

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 61/2015, Suplemento de Crédito, por unha contía de 3.797.493,55 euros, cos seguintes recursos e empregos:

Recursos, orixes RTGX				Empregos, aplicacións			
Apli/concepto	Antes da mof.	Baixa	Final	Aplicacións	Inicial	Sup.Crédito	Final
87000	55.542.101,95	-3.797.493,55	51.744.608,40	1621.2270000	8.688.054,38	1.241.338,40	9.929.392,78
				1621.2270015	2.487.068,22	193.508,72	2.680.576,94
				1632.2270000	18.521.636,77	2.362.646,43	20.884.283,20
Total		-3.797.493,55			Total	3.797.493,55	33.494.252,92

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

TERCEIRO.- O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partires do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse denegadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

CUARTO.- Aprobado definitivamente a modificación de créditos, procederase a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

QUINTO.- De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

SEXTO.- Da concesión do Suplemento de Crédito definitivamente aprobado, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Facenda e Administracións

*Públicas. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial a que se refire o apartado anterior.*

*SÉTIMO.- Contra a aprobación definitiva da concesión do suplemento de crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do suplemento de crédito.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

### **16(973).- PROXECTO DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL “PERCORRIDOS MEDIOAMBIENTAIS DE OUTONO”, DENTRO DO PROGRAMA CAMIÑO A CAMIÑO. EXPTE. 11294/306.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 13.08.15, conformado pola concelleira da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

*A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 12 de agosto de 2015, acordou a iniciación de procedemento para a elaboración e aprobación do proxecto de sensibilización e educación medioambiental coa temática Percorridos Medioambientais de Outono.*

*O Servizo de Medio Ambiente redacta o mencionado proxecto que recolle oito rutas medioambientais por Vigo e Bisbarra, para un total de 2.400 participantes, que se desenvolverán nos meses de setembro, outono e novembro as cales van dirixidas ao coñecemento dos ecosistemas da área de influencia de Vigo, tanto nas súas dimensións de flora e fauna coma de conformación dos ecosistemas e das dinámicas de adaptación ao medio é a protección deste, no presente caso, centradas na biodiversidade existente na época de outono tanto nos montes como nas ribeiras dos ríos.*

*O orzamento estimado das actividades, incluído transporte, ascende a un total de 25.619 euros (IVE engadido).*

*O dito orzamento, de máximos, é unha mera estimación e a posibilidade da súa execución virá determinada pola dispoñibilidade orzamentaria axeitada e suficiente cuxa fiscalización, cando proceda, se levará a cabo nos correspondentes expedientes administrativos precisos para súa efectiva execución.*

*A estes efectos a Concellería de Medio Ambiente iniciou determinados procedementos administrativos: convenio de colaboración coa entidade Vego Supermercados, S.A.U. que desenvolverá as actividades previstas na ría de Vigo e por Vigo, sete das previstas, (expte. 11295/306) (...), tendentes á execución deste proxecto de actividades.*

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

*O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, outorga*

competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

*A área municipal de Medio Ambiente e Vida Saudable ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 19 de xuño de 2015, competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, tamén, o fomento de hábitos de vida saudables.*

*A protección do medio ambiente exerceuse non so a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.*

*As distintas leis sectorias, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.*

*A Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia establece no seu artigo 2.e, como un dos principios inspiradores da Lei, o da promoción da educación ambiental e da concienciación cidadá, en tódolos sectores sociais, para una eficaz defensa dos valores ambientais, a fin de que, de acordo coa información obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa do seu medio ambiente.*

*Neste sentido, a Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de sensibilización e educación medioambiental nos últimos sete anos, fundamentalmente no entorno de Vigo e bisbarra.*

*As actuacións realizadas sempre buscan, ademais de trasladar coñecementos básicos sobre o medio ambiente, percibir directamente estes coñecementos coa experiencia de camiñar e de realizar accións interpretativas sobre o terreo.*

*Nesta liña, esta concellería pretende continuar con rutas medioambientais cara o vindeiro outono que fomenten a sensibilización da cidadanía polo medio ambiente, especialmente urbano, ao tempo que ocupan o tempo de lecer e se fomenta hábitos de vida saudables con estas actividades*

*O proxecto proposto configúrase, por tanto, como unha actividade conforme co interese público municipal e axustada ao ordenamento xurídico.*

*En virtude do apartado Primeiro, 4 da resolución de delegacións de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015, correspóndelle a esta a “aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividade e ou servizos de competencia municipal”.*

*En mérito dos antecedentes e fundamentos expostos, fórmulase á Xunta de Goberno Local a seguinte*

**PROPOSTA:**

*Aprobar o proxecto de actividades de sensibilización e educación medioambiental: “Percorridos Medioambientais de Outono” dentro do programa Camiño a Camiño 2015, redactado polo Servizo de Medio Ambiente en data do 13 de agosto de 2015, que recolle oito rutas*

medioambientes por ecosistemas de Vigo e Bisbarra para un total de 2.400 participantes que se desenvolveran nos meses de setembro, outubro e novembro de 2015.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **PROXECTO DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACION MEDIOAMBIENTAL: “Percorridos Medioambientais de Outono”- Camiño a Camiño 2015.**

### **1.- XUSTIFICACIÓN E ACCIÓNS DO PROXECTO**

O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

A área municipal de Medio Ambiente ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 19 de xullo de 2015 competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente.

Dende a Concellería de Medio Ambiente lévanse facendo actividades de sensibilización e educación medioambiental nos sete últimos anos no entorno de Vigo e bisbarra fundamentalmente. As actuacións realizadas sempre buscan, ademais de trasladar coñecementos básicos en relación co medio ambiente, especialmente urbano, percibir directamente estes coñecementos coa experiencia de camiñar e de realizar accións interpretativas sobre o terreo. Nesta liña, para o outono de 2015 está previsto desenvolver percorridos medioambientais clásicos e en espazos singulares.

As accións previstas son:

<i>Data</i>	<i>Día semana</i>	<i>Horario</i>	<i>Actividade</i>	<i>Usuarios</i>	<i>Desprazamento</i>	<i>Persoal</i>
27 Set	Domingo	9:00 - 19:00	Monte Galiñeiro – Monte Aloia	300	Autobús discrecional	1 Coordinador 6 Monitores 1 Socorrista
4 Out	Domingo	9:00 - 15:00	Ría de Vigo I: Moaña	300	Autobús discrecional	
11 Out	Domingo	9:00 - 15:00	Ría de Vigo II: Vilaboa	300	Autobús discrecional	
18 Out	Domingo	9:00 - 15:00	Ría de Vigo III: Redondela - Vigo	300	Autobús Urbano	



25 Out	Domingo	9:00 - 15:00	Sendeiros Locais de Vigo I: Zamáns	300	Autobús Urbano
8 Nov	Domingo	9:00 - 15:00	Sendeiros Locais de Vigo II: Coruxo	300	Autobús Urbano
15 Nov	Domingo	9:00 - 15:00	Sendeiros Locais de Vigo III: Bembrive-Beadé	300	Autobús Urbano
22 Nov	Domingo	9:00 - 15:00	Sendeiros Locais de Vigo IV: Candeán	300	Autobús Urbano

## 2. ACTIVIDADES: DESCRIPCIÓN

---

### 2.1. Percorridos por Vigo e Bisbarra:

*As actividades realizadas en Vigo e Bisbarra van dirixidas ao coñecemento do hábitat da área de influencia de Vigo, tanto nas súas dimensións de flora e fauna como de conformación do ecosistema e das dinámicas humanas de adaptación a este.*

*Principian os percorridos coa clásica travesía entre o Monte Galiñeiro e o Monte Aloia, permitindo atravesar a serra do Galiñeiro e contemplar de preto a conformación xeolóxica singular que bordea a fosa tectónica que atravesa Galicia dende Carballo ata Tui, así como un espazo natural singular que mesmo ten a consideración de Parque Natural no caso do Monte Aloia.*

*Durante o mes de outono prevese realizar un ciclo de percorridos medioambientais que aborden o ecosistema creado entorno ao peche da Ría de Vigo, entre os concellos de Moaña e de Vigo, pasando polos concellos de Vilaboa e de Redondela. Destacan espazos como a Fraga de Moaña, as Salinas de Vilaboa e os sendeiros periurbanos que conectan Redondela con Vigo.*

*Pechanse os percorridos medioambientais coa circulación por catro sendeiros locais en Vigo: Zamáns, Coruxo, Bembrive-Beadé e Candeán, que aglutinan os contidos que dende Camiño a Camiño se están a desenvolver tanto en termos de hábitat como de coñecemento das parroquias de Vigo.*

*Na actividade poderán participar persoas de todas as idades, tentando nesta edición facer un achegamento particular a familias con rapaces e persoas con mobilidade limitada. O número previsto está en 300 persoas.*

*Para xestionar a actividade está previsto dispor de 1 coordinador e 6 monitores/as de actividades medioambientais ou de tempo libre. Adicionalmente, haberá un socorrista.*

*A organización da actividade, dinamización e comunicación desenvolverase a través dunha empresa especializada neste tipo de actividades.*

*Para o desprazamento está previsto empregar o autobús urbano no termo municipal de Vigo e un autobús discrecional fóra do termo municipal.*

A Concellería de Medio Ambiente é a responsable da organización da actividade ou de colaborar nesta.

### 3. ACTIVIDADES: ORZAMENTO ESTIMADO

---

O orzamento estimado das actividades determínase en función dos prezos de mercado de empresas do sector, con referencia ás táboas salariais do Convenio de Ocio educativo e Animación sociocultural, tendo en consideración que as actividades se realizan en domingo.

Ademais das horas de realización efectiva da actividade polos monitores, estes deben percorrer a ruta nos días anteriores cun tempo estimado igual ao da actividade.

En consideración ao exposto, estímase o seguinte orzamento:

Concepto e custes unitarios	Total Base	% IVE	Total IVE	TOTAL
<i>Monitorado e organización percorridos</i>	17.900		3.759	21.659
<i>Monitorado e organización 1 percorrido Monte Galiñeiro – Monte Aloia día completo x 2.900 €</i>	2.900	21%	609	3.509
<i>Monitorado e organización 3 percorridos Ría de Vigo medio día x 2.200 €</i>	6.600	21%	1.386	7.986
<i>Monitorado e organización 4 percorridos por Vigo medio día x 2.100 €</i>	8.400	21%	1.764	10.164
<i>Transporte discrecional</i>	3.600	10%	360	3.960
<b>CUSTE TOTAL</b>	<b>21.500</b>		<b>4.119</b>	<b>25.619</b>

O presente orzamento, de máximos, é unha mera estimación e a posibilidade da súa execución virá determinada pola dispoñibilidade orzamentaria axeitada e suficiente cuxa fiscalización, cando proceda, se levará a cabo nos correspondentes expedientes administrativos precisos para súa efectiva execución.

A estes efectos a Concellería de Medio Ambiente iniciou determinados procedementos administrativos: convenio de colaboración coa entidade Vego Supermercados, S.A.U. que desenvolverá as actividades previstas na ría de Vigo e por Vigo (expte. 11295/306) (...), tendentes á execución deste proxecto de actividades.

### 4. DESTINATARIOS E PROCESO DE INSCRICIÓN

---

Cara determinar os destinatarios da actividade establécense os seguintes criterios:

- *Persoas maiores de idade veciños de Vigo (autorízase á organización a comprobar tal condición e a solicitar o DNI previamente á realización da actividade).*
- *No caso de residir en Vigo e non ser veciños incluírase na lista de agarda os venres ata as 14 horas, confirmándose a praza no caso de vacantes ao final do proceso de inscrición.*

- *Menores de idade. Deberán ir acompañados polos seus pais ou titores legais. No caso de ir a cargo doutro adulto distinto deberá presentar un documento de autorización.*
- *Inscripción no Servizo 010 (986 810 260) de luns a mércores de 8 a 20 horas, os xoves de 8 a 14 horas da mesma semana da actividade.*
- *Datos mínimos de inscrición: nome completo, DNI (no caso de menores, DNI do titor), teléfono de contacto, data de nacemento.*
- *Opcionais: e-mail.*
- *Cada persoa só poderá inscribir a un total de 3 persoas, sendo necesario dispor de todos os datos esixidos.*
- *A inscrición faise por estrito orde de entrada da chamada, que quedará debidamente rexistrada no sistema informático do Servizo 010.*
- *No caso de cubrirse o cupo da ruta ou de non ser veciño de Vigo, pasarase á lista de agarda.*
- *As renuncias cubriranse coa lista de agarda, tendo preferencia os veciños de Vigo.*
- *Será por conta dos usuarias alimentación, transporte -no seu caso- que realizarán pola súa conta.*

## 5. PUBLICIDADE

*O programa da actividade publicarase na Web municipal, sen prexuízo doutros canles de difusión.*

## 6.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

*Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é co obxecto da realización da actividade na que se inscribe o participante.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo.*

*Os participantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo.*

## **17(974).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE XUÑO DE 2015. EXPTE. 1971/334.**

Mediante providencia de data 6.08.15, co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2005, a concelleira de Normalización Lingüística, dá conta á Xunta de Goberno local

dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística durante o mes de xuño de 2015, que son os seguintes:

<i>Expediente</i>	<i>1949-334. Roteiros toponímicos</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 1 de xuño de 2015</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 36572</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Varias empresas</i>
<i>Importe</i>	<i>6.000,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1955-334. Actividades dinamizadoras da lingua galega dirixidas todas elas á poboación infantil e que se desenvolverán en diferentes lugares do concello</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 24 de xuño de 2015</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 39495</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Varias empresas</i>
<i>Importe</i>	<i>12.000,00 euros</i>

<i>Expediente</i>	<i>1961-334. Portes</i>
<i>Decreto concelleira</i>	<i>data 26 de xuño de 2015</i>
<i>Informe Intervención</i>	<i>RC 42241</i>
<i>Adxudicatario</i>	<i>Varias empresas</i>
<i>Importe</i>	<i>600,00 euros</i>

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **18(975).- OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ NO ANO 2015. EXPTE. 7134/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24.07.15 e o informe de fiscalización do 20.08.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de xestión, do 21.08.15, conformado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

*A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 23 de marzo de 2015, acordou aprobar as a convocatoria e bases reguladoras das subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá para o ano 2015.*

As ditas bases foron publicadas no BOP núm. 64, do luns 7 de abril de 2015 así como, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Durante este prazo (do 8 ao 24 de abril), corenta e tres entidades achegaron no Rexistro Xeral municipal un total de 93 solicitudes (informe sobre o resultado da convocatoria de subvencións de data 07/07/2015 que, segundo acta da Comisión de Valoración de data 20/07/2015, se distribuíron, entre cada un dos Programas, do seguinte xeito:

Programa I: "Gastos de mantemento"	39 solicitudes
Programa II: "Gastos en investimento: equipamento"	30 solicitudes
Programa III: "Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles"	24 solicitudes
TOTAL PROXECTOS PRESENTADOS: 93	

Con data de 24/07/2015, o Secretario da Administración Municipal emitiu informe xurídico favorable á proposta de outorgamento de subvencións.

Asemade, con data 20/08/2015, o expediente foi fiscalizado favorablemente polo servizo de Intervención. Non obstante, no referido informe se fai constar que, "en relación aos criterios ; "colaboración e complementariedade das actividades da entidade coa acción da Administración Local", valorada ata un máximo de 20 puntos e "xustificación das subvencións", valorada ata un máximo de 10 puntos, que non consta información que xustifique o reparto dos puntos quedando enteiramente ao xuízo do Servizo Xestor; por conseguinte en vindeiras convocatorias deberá recollese información na folla valorativa de cada solicitante acerca da valoración destes criterios"

Polo que se refire ao criterio "colaboración e complementariedade das actividades coa acción da Administración Local", para valorar o grado de contacto, implicación e colaboración da entidade solicitante coa Concellería de Participación Cidadá, en materia de comunicación de actos, actividades e actuacións programadas, informacións, actualizacións..., así como, de demanda de asesoramento na orientación, supervisión e avaliación das súas actividades, se realizaron consultas no programa xestor de expedientes, e se contabilizou o número de solicitudes presentadas por cada unha das entidades ata o día anterior á data da convocatoria, como un xeito de reflectir a implicación e colaboración da entidade, tanto nas competencias desta área, como as relacionadas con queixas, suxestións, e solicitudes dirixidas a outras áreas (fomento, parques e xardíns...). Tamén se tiveron en conta as comunicacións ou invitacións a actos e as solicitudes de reunións achegadas a este servizo por vía presencial, telefónica ou telemática (rexistro xeral, correo electrónico...), e por último se valorou, por unha parte, que as actividades da entidade foran complementarias ou supliran as propias da competencia municipal (deporte, tempo libre, cultura...) así como a experiencia e traxectoria da entidade.

En canto ao criterio "xustificación de subvencións", se consultaron os expedientes de xustificación presentados no ano anterior (2014), e á vista da notificación do requirimento para emenda de documentación tramitada por este servizo, se reduciu un punto, por cada unha dos erros, deficiencias ou documentos non presentados dentro de cada programa e da documentación complementaria común a todos eles. As asociacións que non solicitaron

subvención o ano anterior, ou ben, renunciaron ou non xustificaron a axuda concedida obtiveron unha puntuación de 0 puntos.

Do exposto anteriormente, se engade ao expediente a documentación complementaria correspondente (copias de requirimentos de emenda de documentación...)

#### OBXECTO DA SUBVENCIÓN E ENTIDADES BENEFICIARIAS

As subvencións convocadas están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía. As subvencións convocadas na convocatoria de 2015 están destinadas a:

- Programa I: "Gastos en mantemento"
- Programa II: "Gastos en investimento: equipamento"
- Programa III: "Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles"

#### CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

Segundo as bases reguladoras da subvención, a cantidade consignada presupostariamente para subvencionar o Programa I foi de 90.610 €, que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada "Subvencións a entidades cidadás e sindicatos"

Pola súa parte, a cantidade dispoñible para os Programas II e III é de 150.000 €, se fará efectiva con cargo á partida 9240 7800010, chamada "Transferencias de Capital Asociacións", do orzamento de 2015.

A distribución final destas contías entre os tres Programas resultou ser a seguinte:

- Programa I: 90.610 €
- Programa II: 40.000 €
- Programa III: 110.000 €

En ningún caso, as axudas outorgadas superan os límites cuantitativos fixados na base terceira das subvencións.

#### PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E CRITERIOS DE VALORACIÓN

O procedemento iniciouse de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente (art. 20 da LSG) e tramítase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co art. 22.1 da LXS.

A cláusula décima das bases reguladoras da subvención, recolle os criterios de valoración, precisando a ponderación relativa atribuída a cada un deles.

Achégase, como Anexo II á acta da CV do 20/07/2015, o escenario cos criterios de valoración, polo miúdo.

#### COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIÓNS

Ningunha das entidades solicitantes manifestou ter solicitada nin obtido ningunha outra subvención para a mesma finalidade, doutro servizo municipal ou doutra administración ou entidade pública ou privada no vixente exercicio presupostario.

## CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN

a) Todas as asociacións ás que se propón outorgar subvención no punto primeiro da parte dispositiva deste informe, están debidamente inscritas no RMA nos epígrafes 10.1 ou 10.5 de dito Rexistro, "Asociacións veciñais" e "Sociedades culturais, recreativas, deportivas, ateneos, círculos, liceo, casas rexionais", respectivamente, cumprindo así co disposto nas bases primeira e segunda da norma reguladora das subvencións. Porén, tres das asociacións solicitantes, resultaron non estar inscritas nos epígrafes que, segundo a Base 1.d) da norma reguladora da subvención, permitían a concorrencia nesta convocatoria pública, polo que, propónse ao órgano competente a desestimación das súas solicitudes.

b) Ningunha entidade solicitante declara ter obtido unha axuda para para a mesma finalidade dos Programas I,II e III (anexo IV.A.7):

c) Tal e como se reflicte no informe sobre o resultado da convocatoria, de data 07/07/15, todas as solicitudes para concorrer no procedemento, a cuxa petición de subvención se accede, se solicitaron no prazo establecido ao efecto na base novena. O prazo de quince días hábiles fixado para presentación de solicitudes finalizou o 24/04/15.

d) En ningún caso se superan os límites cuantitativos establecidos na base cuarta da convocatoria, a saber:

- Programa I: en ningún caso, a contía de 3.000 €
- Programa II: en ningún caso, o cantidade de 5.000 €
- Programa III: o 80 % do orzamento presentado e o máximo de 15.000 €

e) Todas as asociacións ás que se lle concede subvención, teñen sede social ou delegación no termo municipal de Vigo (Base 2.1).

f) Dos seus estatutos e normas reguladoras despréndese que ditas entidades teñen obxectivos e fins coincidentes cos establecidos nas bases, dispoñendo dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos mesmos (Base 2 e 3).

g) As entidades que resultaron beneficiarias da subvención teñen debidamente xustificadas en tempo e forma as axudas que se lle outorgaron na Área de Participación Cidadá, de conformidade coa Base 6.2, apartado 1º. Enténdese cumprido este requisito, respecto das entidades solicitantes, que non concorreron á convocatoria dos anos 2013 e/ou 2014, ou que, se ben concorreron, non obtiveron subvención ou renunciaron á subvención outorgada, polo que, non se lle outorga ningunha puntuación polo criterio de "xustificación de subvención", previsto na Base 10.h) da convocatoria.

h) Incorpóranse ao expediente a certificacións acreditativas de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AET, Facenda da Xunta de Galicia, e Concello de Vigo, así como das obrigas coa Seguridade Social.

i) Constan as declaracións de que as entidades beneficiarias non se atopan incursas en ningunha das prohibicións do art. 13 da LXS ( anexo IV.A.7), requisito esixido pola Base 2.7

j) As asociacións concorreron achegando a solicitude e anexos á solicitude, regulados na Base 8ª e aprobados como modelos oficiais (anexos I - IV.A e B)

k) Incorpórase como Anexo I a acta da Comisión de Valoración do 20 de xullo de 2015, conformidade da Concellería de Participación Cidadá coa realización das obras en locais municipais, sede de entidades asociativas, que se subvencionan no Programa III ("Gastos en investimento: obras e adquisicións de inmobles"), da mesma data. Do resto das asociacións que solicitaron subvención para o Programa III, seis manifestan ser propietarias do local social e unha indica que o local é alugado. (Anexo IV.A.5).

l) Pola súa parte, os proxectos para obras no local social da ACV Curva de San Gregorio que manifesta estar arrendado (A.C.V. Curva de San Gregorio), non incorre nas causas de desestimación da Base 6ª.5 da convocatoria

m) En canto ao disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, sobre actualización de datos do RMA, polo servizo xestor comprobouse que a documentación que debe constar no devandito rexistro xa foi presentada ou, en caso contrario, formulouse requirimento para a súa achega. O cumprimento deste requisito se verifica por este servizo, riscando o espazo destinado a tal fin no último parágrafo do apartado 3º do Anexo IV.A)

#### PRAZO E CONTIDO DA RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

a) De acordo coa base Décimo 11.8 das bases reguladoras da subvención, o procedemento de concesión ou desestimación das axudas resolverase "no prazo de catro meses, que se computará a partir da publicación desta convocatoria".

En calquera caso, non se excederá o prazo máximo de nove meses que o art. 23.1 da LSG, de aplicación á Administración Local, establece para resolver e notificar a resolución do procedemento.

b) Tal e como preceptúa o art. 23.3 LGS a resolución, "ademais de conter a relación de solicitantes aos que se lle concede a subvención, fará constar, no seu caso, de maneira expresa, a desestimación do resto de solicitudes". No mesmo senso, se reflectiu na Base 11.9ª.

Na parte dispositiva deste informe proposta, incorpórase a relación das trinta e nove (39) entidades as que se lle propón conceder subvención, para algún ou todos os Programas para os que solicitou axuda.

Así mesmo, como anexos ao presente informe, incorpóranse ao expediente:

- Anexo I: táboas coa proposta final por Programas (I, II e III)
- Anexo II: táboa coa proposta final por entidades
- Anexo III: táboa coa proposta final con cargo á partida orzamentaria 9240 4890000 "Subvención a entidades cidadás e sindicatos" (Programa I, capítulo IV)
- Anexo IV: táboa coa proposta final con cargo á partida orzamentaria 9240 7800010 "Transferencias de capital Asociacións" (Programas II e III, capítulo VII)
- Anexo V: relación de entidades beneficiarias dunha subvención total igual ou superior a 3.000 €

Proponse, por outra lado, desestimar ás solicitudes tres (3) entidades, xa que as mesmas non cumprían coas condicións e requisitos establecidos para acadar a condición de beneficiaria, en concreto, non estar inscritas nos epígrafes 10.1 nin 10.5 do RMA (Base 6.2).



TÁBOA 1		
CIF	ENTIDADES	EXPTES E PROGRAMAS
G-36964757	Asociación de Mulleres Viúdas Demócratas Europeas	7095/320 (P.I) 7096/320 P.II)
V-36840726	Mancomunidade de Montes de Vigo	7097/320 (P.I) 70987320 (P.II)
G-15551120	Fundación Meniños	7099/320 (P.I) 7100/320 (P.II)

Así mesmo, de conformidade coa Base 6ª.2, en relación coa Base 2ª.9 da convocatoria, propónse a desestimación parcial das solicitudes de dúas (2) asociacións, por existir no vixente orzamento municipal consignación presupostaria nominativa ao seu favor para a formalización dun convenio de colaboración para axudar ao financiamento de gastos comprendidos nalgún dos programas subvencionados nesta convocatoria:

TÁBOA 2			
CIF	ENTIDADES	PROGRAMA	EXPTES/S
G-27771195	Asociación de Vecinos de Novo Vigo	I	7089/320
G-36623593	A.V.C.D."Monte da Mina" de Castrelos	I	7113/320

En virtude do disposto na Base 6.2, 4º parágrafo, en relación coa Base 2.5, propónse a desestimación parcial da solicitude ao Programa III da A.VV. José Casas de Bouzas, por non acreditar estar ao corrente das obrigas tributarias coa administración local, nos termos do artigo 22 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, ao ter débedas en vía de constrinximento co Concello de Vigo, tal como se acredita no certificación emitida pola Tesourería de data 17/07/2015. Así mesmo, en virtude da Base 6.2, 4º e 5º parágrafo, en relación coa Base 2.10, propónse a desestimación da súa solicitude, xa que, a entidade non atendeu, no prazo de dez días, ao requirimento de presentación de documentación que lle foi solicitada a través da notificación co número de saída 16310, recibida o 10/06/2015 e, en particular, non xustificou estar ao día no cumprimento do disposto no artigo 8 do Regulamento de Participación Cidadá, sobre actualización de datos no Rexistro Municipal de Asociacións, mediante a presentación da memoria de xestión do ano anterior, o orzamento do presente exercicio e a certificación do número de socios.

Por outra banda, e de conformidade co disposto na Base 6.2, 4º e 5º parágrafo, en relación coa Base 2.8, propónse a desestimación parcial da subvención da A.VV. Praza da Miñoica, xa que, a entidade non atendeu, no prazo de dez días, ao requirimento de presentación de documentación solicitada a través da notificación co número de saída 16399, recibida o 09/06/2015 e, por non acompañar á solicitude a documentación preceptiva sinalada na Base 8.1.f), isto é, a fotocopia da licenza municipal de obra ou a solicitude, ou ben, tratándose de obras non suxeitas a réxime de autorización, a fotocopia da comunicación previa:

TÁBOA 3				
CIF	ENTIDADES	PROGRAMA	EXPTE/S	MOTIVO
G-36641033	A.VV Dr. José Casas-Vila de Bouzas	III	7024/320	Base 6.2 e Base 2.5: Non acreditar estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Vigo
				Base 6.2 e Base 2.10: Non acreditar estar ao día no cumprimento do disposto no artigo 8 do Regulamento de Participación Cidadá, sobre actualización de datos do Rexistro Municipal de Asociacións
G-36842284	A.VV. Praza da Miñooca	III	7048/320	Base 6.2, Base 2.8: Non acompañar a documentación preceptiva sinalada na Base 8.1.f)

Ademais, de conformidade coa Base 6.4, último parágrafo, dentro do Programa II desestimáranse, aqueles proxectos que non respondan á natureza da actividade subvencionada, polo que, propónse a desestimación parcial da seguinte solicitude por non responder o proxecto solicitado á natureza dos gastos subvencionables e aos requisitos establecidos na Base 3.2, segundo o cal, dentro do Programa II, teñen tal carácter os gastos de equipamento das sedes sociais mediante adquisición de bens mobles inventariables destinados á nova adquisición ou substitución de equipos, equipamento de luz, son e maquinaria escénica, equipos informáticos, mobiliario de oficina e similares:

TÁBOA 4				
CIF	ENTIDADES	PROGRAMA	EXPTE/S	SOLICITUDE
G-36622793	A.V.V. Cristo da Victoria de Coia	II	7116/320	"PINTURA INTERIOR PARA AULAS DE CURSOS"

Por último, conforme ao establecido nos artigos 90 e 91 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e conforme a Base 8.5, as entidades que se relacionan achegaron escritos de desistimento ás solicitudes de subvención para os Programas que se indican deseguido:

TÁBOA 5				
CIF	ENTIDADES	PROGRAMA	EXPTE/S	Nº DOC. DESISTIMENTO
G-36729796	A.VV. Cabral Feira	III	7103/320	150077237
G-36690360	A.VV. Nosa Señora das Neves	II	7033/320	150083984
		III	7034/320	
G-36641033	A.VV Dr. José Casas-Vila de Bouzas	I	7022/320	150089080
		II	7023/320	
G-36633428	S.C.D.R Helios- Bembrive	II	7107/320	150090034
G-36640860	AVCU Val do Fragoso	III	7058-320	150091556

Propónse aceptar o desistimento de todas elas.

#### PRAZO, FORMA E MODELOS DE XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS CONDEDIDAS

O prazo e forma de xustificación das subvencións rexeráse polo disposto na Base 13ª da convocatoria, quedando as beneficiarias obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento

*das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos e debendo presentar a conta xustificativa nos modelos oficiais aprobados (Anexos V, VI, VII, VIII.A) , VIII.B), IX.A e IX.B) xunto coa restante documentación especificada na devandita norma.*

#### **ÓRGANO COMPETENTE**

*O art. 7.4 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuída esa función na lexislación de réxime local. En virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.*

*Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 19/06/2015, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ó fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”.*

#### **RECURSOS**

*De conformidade cos art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), en redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno poñen fin á vía administrativa.*

*Segundo os art. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). O recurso contencioso-administrativo non poderá interpoñerse ata a resolución expresa ou desestimación presunta do recurso de reposición interposto. O prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de dous meses, establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA).*

*Á vista do exposto anteriormente e do informe xurídico de data 24/07/2015 e informe de fiscalización económica de 20/08/2015, de conformidade coa Base 11.8ª da norma reguladora da subvención, art. 23.3 da LSG e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.17 da Resolución de delegacións do Alcalde de data 19/06/15, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO: CONCEDER, de conformidade co art. 23.3 da LSG e Base Décimo Primeira.8), ás corenta e tres entidades (43) que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 9240 4890000, denominada “Subvencións a entidades cidadás e sindicatos”, cunha dotación de 90.610 €, e/ou á partida presupostaria 9240 7800010, chamada “Transferencias de Capital Asociacións”, dotada con 150.000,00 €, subvención en concepto de “Gastos de mantemento” (Programa I), “Gastos en investimento: equipamento” (Programa II) e/ou “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles” (Programa III), correspondentes á “Convocatoria das subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2015”, polo contía total que se reflicte a seguir:*

	CIF	ASOCIACIÓN	Nº EXPE-DIENTE	PROGRAMAS	ORZAMEN-TO	IMPORTE SUBVEN-CIÓN	TOTAL
1	G-27762434	Asociación Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro	7104/320	Gastos de mantemento: auga, luz, teléfono, seguros, asesoría, aluguer	9.099,00 €	2.837,37 €	4.416,20 €
			7105/320	4 ordenadores, impresora 4 Mesas, 3 estantes, 2 arquivadores, 4 cadeiras Equipo de son (2 amplificadores, mesa de mezclas, 5 micros)	6.250,00 €	1.578,83 €	
2	G-36648640	A.V.C.S. San Miguel de Oia	7081/320	Gastos de mantemento: auga; luz; gasóleo; teléfono; seguro local e responsabilidade civil; lixo; limpeza; alarma; mantemento pequenas avarías	16.846,28 €	3.000,00 €	12.738,12 €
			7082/320	Ordenador Luces de led	11.469,43 €	2.565,60 €	
			7080/320	Acondicionamento de ximnasio	14.755,95 €	7.172,52 €	
3	G-36709004	A.V. Doutor Fleming	7109/320	Gastos de mantemento: teléfono; auga; luz; seguros; lixo; rexistro libros; comunidade; limpeza; mantemento extintores; franqueo cartas; folletos; material oficina; persoal administrativo	8.330,30 €	3.000,00 €	3.900,00 €
			7110/320	Equipo informático; portátil Mesas	924,20 €	900,00 €	
4	G-36649325	Asociación Veciñal "O Carballo" de Sárdoma	7054/320	Gastos de mantemento: auga; luz; teléfono e internet; limpeza; material oficina; pequenos arranxos	3.876,78 €	3.000,00 €	10.703,09 €
			7055-320	Multifunción, toner	847,00 €	847,00 €	
			7056/320	Colocación de tarima flotante na oficina e biblioteca Insonorización das salas de música	9.918,61 €	6.856,09 €	

	CIF	ASOCIACIÓN	Nº EXPE- DIENTE	PROGRAMAS	ORZAMEN- TO	IMPORTE SUBVEN- CIÓN	TOTAL
5	G- 36651073	A.V.C.D. De Cabral	7043/320	Gastos de mantemento: auga; electricidade; telé- fono; seguros; impostos; xestoría; limpeza; mate- rial oficina; servizo e ma- terial informático; peque- nas avarías; administrati- va	11.834,00 €	3.000,00 €	7.749,69 €
			7044/320	Disco duro externo TV, soporte TV, cámara fotográfica	915,69 €	915,69 €	
			7045/320	Acondicionamento do ac- ceso ao local social: su- bministro e colocación de pavimento antideslizante en acceso exterior	4.793,48 €	3.834,00 €	
6	G- 36644904	A.VV Rosalía de Castro da Salgueira	7015/320	Rehabilitación de tellado: desmontaxe e reposición cuberta, remate babeiro perimetral, reparación de caneiros, reposición de falsos teitos e pintura in- terior e exterior	17.600,00 €	6.645,13 €	6.645,13 €
7	G- 36648186	A.V. Camiño Vello de Coia	7065/320	Gastos de mantemento:teléfono/in- ternet; auga; electricida- de; gas; limpeza; prensa; asesoría; seguro; gastos de oficina; gastos de mantemento	7.217,00 €	2.900,43 €	2.900,43 €
8	G- 36691855	A.V.C.R. San Mamede de Zamáns	7077/320	Gastos de mantemento: teléfono, ADSL; luz; gasó- leo calefacción; seguro centro; seguro responsa- bilidade civil; taxa lixo; pa- pelería	6.504,89 €	3.000,00 €	6.100,00 €
			7078/320	Impresora multifunción Fax	793,76 €	450,00 €	
			7073/320	Piso e falso teito oficinas centro cultural: subminis- tro e colocación de pla- queta e formación de fal- so teito	3.365,38 €	2.650,00 €	
9	G- 36659829	A.V. De Coru- xo	7046-320	Gastos de mantemento: teléfono, internet e web; seguro local e responsa- bilidade civil; impostos e taxas; material oficina; co- rreos; fotocopias; peque- nas avarías e mantemen- to	2.020,84 €	2.020,84 €	2.020,84 €

	CIF	ASOCIACIÓN	Nº EXPE- DIENTE	PROGRAMAS	ORZAMEN- TO	IMPORTE SUBVEN- CIÓN	TOTAL
10	G- 36842284	A.V.V. Da Mi- ñoa	7047/320	Ordenador Mesa, estor; 3 estante- rías; pizarra; armario, per- cheiro, 3 espellos	5.123,20 €	2.289,31 €	2.289,31 €
11	G- 36648103	A.V.C.D. Sam- paio	7035-320	Gastos de mantemento: auga, luz, teléfono/inte- rnet, alarma, gasóleo, im- postos, seguros, peque- nas avarías, ferraxería e papelería	7.770,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €
12	V- 36655017	A.V. Fonte do Galo	7016/320	Gastos de mantemento: luz; auga; teléfono; segu- ro local; limpeza; peque- nas avarías	4.150,00 €	3.000,00 €	5.091,95 €
			7017/320	Vídeo proxector Cadeiras, pelotas pilates, deshumidificador, destru- tora papel, cortinas, espe- llos, máquina de coser	2.695,00 €	2.091,95 €	
13	G- 36645885	A.VV Casco Vello	7007/320	Gastos de mantemento: teléfono; asesoría; segu- ros; limpeza; correos; gastos oficina; segurida- de	6.930,00 €	3.000,00 €	5.644,54 €
			7008/320	Equipo informático sobre- mesa, 2 equipos informá- ticos portátiles Deshumidificadores, ne- veira Equipamento de son	3.779,31 €	2.644,54 €	
14	G- 36623593	A.V.C.D."Mon- te da Mina" de Castrelos	7114/320	Reparación humidades fiestras fachada oeste	10.932,35 €	6.117,74 €	6.117,74 €
15	G- 36640860	A.V. C.U. "Val do Fragoso"	7057/320	Gastos de mantemento: auga; luz; teléfono; alar- ma; ascensor; seguro res- ponsabilidade civil; ase- soría	4.361,00 €	2.963,48 €	2.963,48 €
16	G- 36648293	A.V. Do Calva- rio	7012/320	Gastos de mantemento: teléfono, internet, correos, auga, luz, material oficina, extintores, seguros locais, imposto lixo, asesoría, limpeza	5.378,93 €	3.000,00 €	3.000,00 €

	CIF	ASOCIACIÓN	Nº EXPE-DIENTE	PROGRAMAS	ORZAMEN-TO	IMPORTE SUBVEN-CIÓN	TOTAL
17	G-36632081	A.V.C.V- C.S.- C.R de Beade	7059/320	Gastos de mantemento: auga; luz; teléfono; seguro; asesoramento; limpeza; material; fotocopias; mantemento e avarías; dous administrativos	39.100,17 €	3.000,00 €	13.706,69 €
			7060/320	Equipo son e imaxe: 4 altopalantes; 5 trípodes; mesa; micro inarámico; canón luz; lámpada	2.584,86 €	2.584,86 €	
			7061/320	Mantemento e acabados aulas grupos musicais. Chorreo e impermeabilización de escaleiras	15.674,05 €	8.121,83 €	
18	G-36648988	A.V.C.D. "San Xurxo" Saians	7036/320	Gastos de mantemento: electricidade; telefonía; auga; gas; seguros Resp. Civil e colectividades; asesoría laboral e xurídica; limpeza; gastos persoal	6.807,24 €	3.000,00 €	11.580,61 €
			7037/320	2 mesas; lavalouza; microondas	1.830,00 €	1.830,00 €	
			7038/320	3ª fase illamento, revestimento e pintado planta baixa	10.344,41 €	6.750,61 €	
19	G-36654036	A.V. De Matamá "A Unión"	7052/320	Gastos de mantemento: Teléfono; electricidade; limpeza; reparacións	2.395,20 €	2.395,20 €	7.458,16 €
			7053/320	Impermeabilización terraza, reparación humidades e pintado	6.755,50 €	5.062,96 €	
20	G-36659894	A.V. De San Roque	7072/320	Gastos de mantemento: auga; luz; teléfono; comunidade; impostos municipais; seguro local, responsabilidade civil, limpeza	4.853,03 €	3.000,00 €	5.210,36 €
			7073/320	Calculadora, 2 ordenadores, pantallas, teclados e ratos 7 Módulos estante; tala-dro, espello	2.488,50 €	2.210,36 €	

	CIF	ASOCIACIÓN	Nº EXPE-DIENTE	PROGRAMAS	ORZAMEN-TO	IMPORTE SUBVEN-CIÓN	TOTAL
21	G-36633618	A.V.C.D. Lavadores	7074/320	Gastos de mantemento: teléfono; auga; luz; asesoría; EUI; IBI; arranxo porta aparcadoiro	7.366,00 €	3.000,00 €	11.862,52 €
			7075/320	20 cadeiras, 20 bancos, 8 mesas, armario Microondas, quentador, neveira, desbrozadora, aspiradora	2.080,00 €	1.690,00 €	
			7076/320	Reformas e conservación das instalacións: acondicionamento de aulas (colocación de chans de madeira, instalación calefacción e saneamento de aseos) reparación e pintado de balaustrada	11.316,12 €	7.172,52 €	
22	G-36640985	.A.V. "As Nossas Rúas"	7025/320	Gastos de mantemento: Auga; teléfono; comunidade; luz; asesoría; seguro; tóner; correos	3.023,85 €	3.000,00 €	3.000,00 €
23	G-36649374	A.V. "Nosa Terra" Alcabre	7083/320	Gastos de mantemento: auga; luz; teléfono; alarma; material oficina; seguro local	6.084,84 €	3.000,00 €	8.404,00 €
			7084/320	Carpa	700,00 €	700,00 €	
			7085/320	Conservación do local social: gastos de carpintería para cambios e arranxos en portas, e forrado de paredes; gastos de albañería para pintar, encher gretas, recubrir paredes	5.880,00 €	4.704,00 €	
24	G-36648608	A.V. De Navia	7070/320	Gastos de mantemento : xornais, fotocopias, lixo, teléfono/internet, auga, páxina web, luz, correos, seguros, asesoría, reparacións ordenador, lámpadas, reparacións eléctricas, gastos de persoal	9.258,77 €	3.000,00 €	11.121,83 €
			7071/320	Obras de mantemento e adaptación do soto para Big Band e Escola de música	19.942,38 €	8.121,83 €	
25	G-36622793	A.V.V Cristo da Victoria de Coia	7115/320	Gastos de mantemento: Auga; luz; gas; ferraxería; seguro; material oficina; mantemento fotocopiadora; mantemento alarma	9.276,01 €	3.000,00 €	3.000,00 €



	CIF	ASOCIACIÓN	Nº EXPE-DIENTE	PROGRAMAS	ORZAMEN-TO	IMPORTE SUBVEN-CIÓN	TOTAL
26	G-36648996	Asociación Cultural Recreativa Deportiva "Par-davila"	7086/320	Gastos de mantemento: electricidade; auga; tele-fonía; internet; seguro edificio; alarma e seguri-dade; mantemento foto-copiadora	4.427,59 €	3.000,00 €	11.381,18 €
			7087/320	Televisión 3 armarios, porta, mesa-do marmol, 4 arquivado-res	4.619,85 €	2.052,48 €	
			7088/320	Reparación fontanería e pulido de chans 1ª planta e soto	13.904,84 €	6.328,70 €	
27	G-27800861	Asociación Cultural Barrio Alto do Casco Vello de Vigo	7111/320	Gastos de mantemento:aluguer de sede social	1.500,00 €	1.500,00 €	2.644,65 €
			7112/320	Proxector de vídeo para exteriores; pantalla de proxección; mesa de son Carpa	1.650,00 €	1.144,65 €	
24	G-36972024	Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio	7068/320	5 ordenadores de sobre-mesa, teclado e rato 2 mesas Radiador, reloxo	1.579,44 €	1.579,44 €	1.884,14 €
			7069/320	Reparación de paredes e pintado da zona dedicada a actividades físico-de-positivas e xuntas xerais da asociación	380,88 €	304,70 €	
29	G-27771195	Asociación de veciños de Novo Vigo	7089/320	Ordenador portátil, pro-xector, pantalla mural 20 cadeiras, Altosfalantes autoamplifi-cables Barras e accesorios expo-sicións	1.663,72 €	1.663,72 €	1.663,72 €
30	G-36729796	AVV. Feira Cabral	7101/320	Gastos de mantemento: auga;gas, luz, teléfono, seguros	2.987,51 €	2.987,51 €	5.079,46 €
			7102/320	3 equipos de informática 4 mesas, módulos de co-ciña con electrodomésticos	4.139,10 €	2.091,95 €	
31	G-36690360	A.VV Nosa Señora das Neves	7032/320	Gastos de mantemento: auga, luz, teléfono;taxa lixo; material limpeza	768,30 €	500,00 €	500,00 €
32	G-36684991	AVV. As Fon-tes	7067/320	Obras de mellora, elimi-nar humidade, restaurar (selar ventás, impermea-bilizar, desatascar canel-lóns, pechar ocos entre carpintería e pedra)	16.834,63 €	6.012,26 €	6.012,26 €

	CIF	ASOCIACIÓN	Nº EXPE- DIENTE	PROGRAMAS	ORZAMEN- TO	IMPORTE SUBVEN- CIÓN	TOTAL
33	G- 27749217	A.VV. O To- rreiro de Coia	7118/320	Gastos de mantemento: electricidade; teléfono e internet; seguro, taxa lixo; aluguer de local; limpeza local; material oficina	3.070,00 €	1.954,63 €	1.954,63 €
34	G- 36633428	S.C.D.R He- lios- Bembrive	7106/320	Gastos de mantemento: luz, teléfono, auga, im- posto lixo, seguros, limpe- za	4.434,43 €	3.000,00 €	8.801,31 €
			7108/320	Legalización e adaptación instalación eléctrica	8.726,52 €	5.801,31 €	
35	G- 36620854	S.C.D. Atlánti- da de Matamá	7062/320	Gastos de mantemento: limpeza, electricidade, te- léfono, fax, auga, alarma, seguros, lixo, IBI, publici- dade, correos, material de oficina, fotocopias	18.955,00 €	3.000,00 €	9.723,42 €
			7063/320	3 ordenadores, 2 panta- llas 3 mesas, 3 cadeiras, ar- quivador metálico, moble librería, estante Cámara de fotos, televi- sión	4.892,31 €	2.131,42 €	
			7064/320	Reforma local social: tari- ma flotante vinílica, illante e rodapé en PVC	5.740,00 €	4.592,00 €	
36	G- 36628543	A.C.D.Xestas	7066/320	Gastos de mantemento:electricida- de, internet, alarma, canal satélite; seguro	1.550,52 €	1.550,52 €	1.550,52 €
37	V- 36658680	C.C.R.de Ca- bral	7051/320	Gastos de mantemento: Auga; luz; teléfono; ga- soil; seguros; lixo;abrillan- tado salón	8.310,75 €	3.000,00 €	10.378,87 €
			7050/320	2 ordenadores, 2 monito- res, 2 teclados e rato 2 Mesas ordenador: mesa oficina; 2 mobles caixón	3.358,02 €	2.170,89 €	
			7091/320	Limpeza e aplicación do "galimex" nas paredes do salón	6.509,98 €	5.207,98 €	

	CIF	ASOCIACIÓN	Nº EXPE-DIENTE	PROGRAMAS	ORZAMEN-TO	IMPORTE SUBVEN-CIÓN	TOTAL
38	G-36617082	C.C.R. De Va-lladares	7092/320	Gastos de mantemento: Electricidade; telefonía;	3.200,00 €	3.000,00 €	14.346,17 €
			7093/320	Forno de cociña Mesa de soporte Pantalla TV	6.300,00 €	2.802,43 €	
			7094/320	Arranxo de eivas no Cen- tro sociocultural do pedre- gal e pintado: substitución sistema eléctrico de área administración; insonori- zación aula 3; vernizado baldas exteriores de pro- tección do edificio; pinta- do interior aulas; pintado varandas e exteriores; pu- lido e abrillantado dos pi- sos	18.762,15 €	8.543,74 €	
39	G-36627495	C.R.A.C. Coru-xo	7041/320	Gastos de mantemento: auga: prensa; luz; extinto- res; teléfono; internet; ga- sóleo; lixo; seguros; IBI; limpeza; correos; material oficina; cartelería, impre- nta; pequenas avarías	12.121,00 €	3.000,00 €	4.064,80 €
			7042/320	20 cadeiras	1.064,80 €	1.064,80 €	
<b>TOTAL</b>							<b>240.609,82 €</b>

*SEGUNDO: DESESTIMAR, integramente, conforme ao art. 23.3 da LSG e Base 6ª.2, ás tres (3) entidades que se relacionan, a súas solicitudes de subvencións, por non cumprir coas condicións ou requisitos establecidos nas bases reguladoras para acadar a condición de beneficiarias, en concreto, por non estar inscritas a asociacións solicitantes no RMA ou por non estas inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 daquel, que segundo as Bases primeira, apartado d) e segunda habilitaban para concorrer nesta convocatoria pública :*

Nº	CIF	ENTIDADE	EXPTES E PROGRAMAS
1	G-36964757	Asociación de Mulleres Viúdas Demócratas Europeas	7095/320 (P.I) 7096/320 (P.II)
2	V-36840726	Mancomunidade de Montes de Vigo	7097/320 (P.I) 7098/320 (P.II)
3	G-15551120	Fundación Meniños	7099/320 (P.I) 7100/320 (P.II)

*TERCEIRO: DESESTIMAR parcialmente, de conformidade coa Base 6ª.2, en relación coa Base 2ª.9 da convocatoria, as solicitudes de dúas (2) asociacións, por existir no vixente orzamento municipal consignación presupostaria nominativa ao seu favor para a formalización dun convenio de colaboración para axudar ao financiamento de gastos comprendidos nalgún dos programas subvencionados nesta convocatoria:*

CIF	ENTIDADES	PROGRAMA	EXPTE/S
G-27771195	Asociación de Vecinos de Novo Vigo	I	6672/320
G-36623593	A.V.C.D."Monte da Mina" de Castrelos	I	7113/320

CUARTO: DESESTIMAR parcialmente, de conformidade coa Base 6.2, 4º parágrafo, en relación coa Base 2.5, a solicitude ao Programa III da A.VV. José Casas de Bouzas, por non acreditar estar ao corrente das obrigas tributarias coa administración local. Así mesmo, en virtude da Base 6.2, 4º e 5º parágrafo, en relación coa Base 2.10, proponse a desestimación da súa solicitude por non xustificar estar ao día no cumprimento do disposto no artigo 8 do Regulamento de Participación Cidadá, sobre actualización de datos no Rexistro Municipal de Asociacións.

Tamén desestimar parcialmente, de conformidade co disposto na Base 6.2, 4º e 5º parágrafo, en relación coa Base 2.8, da solicitude subvención da A.VV. Praza da Miñooca, por non acompañar á solicitude a documentación preceptiva sinalada na Base 8.1.f)

CIF	ENTIDADES	PROGRAMA	EXPTE/S	MOTIVO
G-36641033	A.VV Dr. José Casas-Vila de Bouzas	III	7024/320	Base 6.2 e Base 2.5: Non acreditar estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Vigo
				Base 6.2 e Base 2.10: Non acreditar estar ao día no cumprimento do disposto no artigo 8 do Regulamento de Participación Cidadá, sobre actualización de datos do Rexistro Municipal de Asociacións
G-36842284	A.VV. Praza da Miñooca	III	7048/320	Base 6.2, Base 2.8: Non acompañar a documentación preceptiva sinalada na Base 8.1.f)

CUARTO: DESESTIMAR parcialmente, de conformidade coa Base 6ª.4, último parágrafo, en relación coa Base 3.2 da convocatoria, a solicitude dunha asociación, por tratarse dun proxecto que non responde á natureza da actividade subvencionada e, en definitiva, por non axustarse ás condicións dos gastos subvencionables e aos requisitos establecidos na devandita Base 3.2, segundo a cal, dentro do Programa II, teñen tal carácter os gastos de equipamento das sedes sociais mediante adquisición de bens mobles inventariables destinados á nova adquisición ou substitución de equipos, equipamento de luz, son e maquinaria escénica, equipos informáticos, mobiliario de oficina e similares:

CIF	ENTIDADES	PROGRAMA	EXPTE/S	SOLICITUDE
G-36622793	A.V.V. Cristo da Victoria de Coia	II	7116/320	"PINTURA INTERIOR PARA AULAS DE CURSOS"

QUINTO: ACCEDER ao interesado polas entidades que se relacionan deseguido e, en consecuencia, ACEPTAR O DESISTIMENTO E DECLARAR CONCLUSOS OS PROCEDIMENTOS para o outorgamento de "subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2015", aos que concorreron, respectivamente, cos expedientes que se indican, de acordo co disposto nos art. 90.1 e 91.2 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e Base 8ª.6:

CIF	ENTIDADES	PROGRAMA	EXPTES/S	Nº DOC. DESISTIMENTO
G-36729796	A.VV. Cabral Feira	III	7103/320	150077237
G-36690360	A.VV. Nosa Señora das Neves	II	7033/320	150083984
		III	7034/320	
G-36641033	A.VV Dr. José Casas-Vila de Bouzas	I	7022/320	150089080
		II	7023/320	
G-36633428	S.C.D.R Helios- Bembrive	II	7107/320	150090034
G-36640860	AVCU Val do Fragoso	III	7058-320	150091556

*SEXTO: NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 58 e 59 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.*

*SÉTIMO: INFORMAR, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación do art. 4.1.c) da Lei 30/92, de RXAP e PAC, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.*

*OITAVO: ORDEAR, aos efectos do disposto no artigo 18 da LXS, a publicación no Boletín Oficial da Provincia, das subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e o crédito presupostario ao que se lle imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(976).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIÓN COMARCAL DE COMISIÓNS OBREIRAS (CC.OO) DE VIGO, PARA AXUDA DE FINANCIAMENTO DE GASTOS. EXPTES. 7137/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24.07.15 e o informe de fiscalización do 5.08.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de xestión, do 21.08.15, conformado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

*Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 09/04/2015, D<sup>a</sup> Amelia Pérez Álvarez, en representación da Unión Comarcal de CC.OO de Vigo (CIF: G-15103112), achegou solicitude (doc. 150090913), para a formalización dun convenio de colaboración co Concello de*

Vigo (Participación Cidadá), destinado ao financiamento dos gastos das actividades da entidade realizadas entre o 01/01/15 e o 31/10/15, así como, de mantemento, directamente relacionados con aquelas, necesarios para o seu desenvolvemento.

Segundo certificación do Secretario de Actas, de data 05/05/15, a Comisión Executiva da Unión Comarcal de CC.OO de Vigo da mesma data, acordou nomear a D<sup>a</sup> Amelia Pérez Álvarez (78734833-Z) como persoa responsable da sinatura do convenio.

Con data de 24/07/2015, o Secretario da Administración Municipal emitiu informe xurídico favorable á proposta de convenio.

Asemade, o expediente foi fiscalizado favorablemente polo servizo de Intervención con data 05/08/2015. Non obstante, no referido informe se indica que, con carácter previo ao sometemento do expediente ao coñecemento da Xunta de Goberno Local, deberá procederse a rectificar o apartado 13º do Informe-Proposta, facendo constar que a subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co artigo 18.1 da Lei Xeral de Subvencións. Deste xeito, se incorpora a corrección proposta polo servizo de Intervención ao devandito apartado.

Tamén se advertiu un erro na parte dispositiva do informe, xa que, no apartado 2º, onde di “fomento das actividades programadas e realizadas pola entidade entre o 01/01/14 e o 31/10/14” se substitúe por “fomento das actividades programadas e realizadas pola entidade entre o 01/01/15 e o 31/10/15”.

Ademais, se rectifica o texto do Convenio, de xeito que, onde di “Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado”, debe dicir “Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Participación Cidadá”

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### 1. NORMATIVA APLICABLE

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP-PAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL) e Real Decreto 500/1990
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG)
- Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Bases de execución do presuposto, aprobado por acordo plenario de 13/06/2014 (expte: 27/142) e prorrogado en virtude de resolución do Alcalde de data 22 de decembro de 2014.

- *Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de data 26/03/1992, modificado por acordo de 31/03/1993*

## 2. COMPETENCIA MUNICIPAL

*A Constitución proclama, no seu artigo 137, que os municipios gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. Deste xeito, un dos piares fundamentais da autonomía local é de carácter obxectivo ou material, e se concreta na clara atribución e determinación de competencias do ente local.*

*En virtude da competencia estatal sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o sistema de determinación das competencias locais, ven regulado, a nivel básico, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBR), nos seus artigos 2, 7, 25, 26 e 27, na redacción dada aos mesmos pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.*

*O artigo 2 da citada norma dispón que, para a efectividade da autonomía local constitucionalmente garantida ás Entidades Locais, as leis do Estado ou das Comunidades Autónomas, reguladoras dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberán asegurar aos municipios o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten ao seu círculo de intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública e a capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia e con estrita suxeición á normativa de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.*

*O artigo 25 enumera, no seu apartado 2º as materias sobre as que o municipio exercerá competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das CC.AA. Polo tanto, non contén un listado concreto e determinado de competencias municipais, senón as materias cuxa concreción competencial se difire ao lexislador ordinario, estatal ou autonómico.*

*Polo que se refire á materia que nos ocupa, non existe, no citado artigo 25 da LRBL ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.*

*Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, así como, convenios formalizados coa finalidade de coadxuvar ao financiamento dos gastos de actividades e de mantemento, e así, atopamos os seguintes antecedentes mais inmediato de convenio suscrito coa mesma entidade en anos precedentes 1085/320 (1999-2003), 2306/320 (2004/06), 3197/320 (2007),*

3394/320 (2008), 4354/320 (2009), 4693/320 (2010), 5213/320 (2011), 5861/320 (2012) e 6105/320 (2013), 6595/320 (2014)

### 3. RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

*A concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexeráse polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal prorrogado e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*En cumprimento do disposto nos art. 65.3 da LXS e 26.2 a) da LSG e das Bases de execución do presuposto, apartado 38<sup>a</sup>.4.2 das BEP, o texto do convenio que se achega para a súa aprobación contén, a lo menos, os seguintes extremos:*

- determinación do obxecto da subvención*
- réxime xurídico aplicable*
- beneficiarios e modalidade de axuda*
- crédito orzamentario*
- compatibilidade ou incompatibilidade con outras axudas*
- prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario e forma de pago*

*Polo que se refire aos órganos competentes para a concesión das axudas, si ben, tanto a Lei 38/2003 como a Lei 9/2007, nos seus respectivos artigos 3, contemplan no seu ámbito obxectivo de aplicación, ás entidades locais, ao mesmo tempo, remiten a regulación dos concretos órganos competentes para a concesión das subvencións, no ámbito local, á normativa específica integrada pola lexislación de réxime local (artigos 7.4 da Lei 38/03 e 10.4 da Lei 9/07).*

*No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.*

*Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, que no seu apartado 1.3º, dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ó fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”.*

*Ademais, en virtude do disposto no apartado 4.18º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015 se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos convenios de colaboración que deban subscribirse con entidades privadas, e que teñan por obxecto a concesión dunha subvención municipal que financie en parte unha iniciativa, proxecto ou actividade de interese público municipal que complementa os servizos municipais. Finalmente, o convenio será asinado polo Alcalde ou concelleiro en quen delegue, en representación do Concello de Vigo.*



#### 4. MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA

O artigo 22.2.c) da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS, en adiante), contempla a concesión directa daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario. Coa formalización deste convenio, tratase de fomentar accións e políticas en defensa do dereito fundamental ao traballo, así como dos dereitos e intereses da clase traballadora en xeral, e de colectivos minoritarios ou marxinados, en particular, no marco do Estado Social e Democrático de Dereito, políticas de promoción e integración laboral e social, así como, aquelas outras orientadas ao pleno emprego e a unha distribución xeral e persoal equitativa, que garanta o progreso social e económico.

O vixente exercicio presupostario que foi aprobado, con carácter definitivo, polo Pleno xeral, o 13 de xuño de 2014 (expte: 27/142), publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 118, de data 20 de xuño, e obxecto de prórroga para o exercicio 2015, en virtude da resolución do Alcalde, de data 22 de decembro de 2014, inclúe a partida 9240 4890003 "Convenios CC Sindicais", cunha dotación de 45.000,00 €

A beneficiaria figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co núm. 487/96, segundo Decreto de Alcaldía de data 30/06/96

#### 5. OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Tal e como se desprende do art. 2.1.b) e c) da LXS enténdese por subvención toda disposición de diñeiro realizada, neste caso, pola Administración Local, a favor de persoas públicas ou privadas que cumpra, entre outros, o requisito de "que a entrega esté suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, execución dun proxecto, realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver...", "... que teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública" e que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.

Neste caso, o obxecto do convenio e o fomento das actividades programados pola entidade para o ano 2015, en concreto, as realizadas entre o 01/01/15 e o 31/10/15, mediante a colaboración no financiamento dos gastos xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público, social e económico.

Segundo contempla o art. 1 dos Estatutos de S.N. de CC.OO de Galicia, a Unión Comarcal de CC.OO de Vigo, asume, entre os seus principios e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender das reivindicacións dos/as traballadores/as, sen discriminación
- ✓ Impulsar e desenvolver a igualdade de oportunidades, así como, combater a discriminación que, por razón de sexo, se produza
- ✓ Desenvolver accións positivas nas relacións laborais e condicións de traballo, así como, na consecución dunha representación equilibrada de homes e mulleres en todos os niveis
- ✓ Reivindicar a mellora das condicións de vida e de traballo de todos/as os/as traballadores/as
- ✓ Defender, especialmente, as reivindicacións das mulleres, da xuventude, das persoas maiores, da saúde laboral, do medio ambiente o do pacifismo, co fin de eliminar calquera discriminación baseada no sexo, na idade, a raza, a orixe étnica e as conviccións políticas e relixiosas, así como, por calquera outra circunstancia persoal ou social

- ✓ *Apoiar as reivindicación específicas das persoas emigrantes e dos/as traballadores/as estranxeiros que traballan en Galicia*
- ✓ *Orientar a súa actividade ao exercicio efectivo do dereito dos traballadores a un emprego estable, á plena protección social, á mellora das condicións de traballo e emprego da poboación activa, á solidariedade internacional entre traballadores, á integración social e laboral, en especial, dos colectivos suxeitos a condicións de exclusión, á mellora das condicións de vida e a promoción sociocultural, á consecución da igualdade de trato e oportunidades entre homes e mulleres, (...)*

*Tal e como se sinalou anteriormente, nos termos contemplados no art. 72 LRBRL, "as Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños, facilitándolle a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades, impulsando a súa participación na xestión da Corporación..."*

*Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia, no termo municipal, de agrupacións, federacións, unións asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto de ámbitos territoriais como sectorial, as cales, pola súa implantación nos barrios e parroquias e o seu compromiso no desenvolvemento dunha gran diversidade de actividades asistenciais, integradoras, reivindicativas, veciñais, festivas, deportivas, culturais, educativas, etc., acadan o propósito de implicar a poboación na proposta e detección de solucións a diferentes problemáticas sociais e urbanas, establecendo canais de cooperación co Concello na consecución do progreso socioeconómico da cidade, a través de proxectos máis amplos que conxuguen as vontades individuais co servizo á comunidade.*

*Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e sociolaboral, no ámbito da defensa dos dereitos e intereses da clase traballadora, de loita pola súa promoción e integración social e laboral, que redundan no beneficio da cidadanía.*

*O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo, para subvencionar os gastos xerados polas súas actividades realizadas pola entidade entre o 01/01/15 e o 31/10/15, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento, en definitiva, para o fomento das súas actividades.*

*Desta vontade común entre o Concello e a asociación, nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.*

## **6. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA**

*O vixente orzamento municipal prorrogado, inclúe a partida orzamentaria nº 9240 4890003, denominada "Convenios CC. Sindicais", dotada con 45.000 €. Nos mesmos termos e contía se contempla no orzamento municipal de 2014, aprobado inicialmente en sesión plenaria extraordinaria, con data 02/05/14.*

As Bases de execución do presuposto, dispoñen na Disposición Final 3ª que, dentro do capítulo IV, son prorrogables, os créditos que afecten a actividades e programas con permanencia, é dicir, subvención anual continuada nos últimos exercicios. Deste xeito, como xa se expuxo anteriormente, se veñen subscribindo, en exercicios anteriores, convenios anuais de colaboración coa mesma entidade beneficiaria e, os presupostos xerais veñen recollendo unha dotación específica para esta finalidade, polo que, salvo mellor criterio da Intervención, a devandita aplicación debe considerarse prorrogada para o exercicio en curso.

A contía do presente convenio é de 15.000 € (quinze mil euros).

## 7. DOCUMENTACIÓN

a) A entidade solicitante da subvención está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) no epígrafe 5.1 denominado “Laboral, sindical, profesional: sindicatos”, co número 487/96, cumprindo así co requisito establecido no art. 12 do Regulamento de Participación Cidadá de 1992 (acordo plenario de 26/03/92) e co disposto no art. 236.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro (ROF), que condicionan, primeiramente, a percepción de calquera subvención á previa inscrición da interesada no RMA.

b) A Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber: certificados de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS e declaración responsable da representante da entidade, de data 9/07/15, de encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de non incorrer nas prohibicións do artigo 13 da LXS e de que a entidade non é debedora por resolución, de procedencia de reintegro.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1- proxecto de actividades da entidade para o ano 2015, para cuxo desenvolvemento entre os meses de xaneiro a outubro, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos xerados polas mesmas, así como, de mantemento , directamente relacionados. Comprende campos de actuación da entidade, denominación das actividades e data de celebración. O orzamento de gastos de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ACTIVIDADES E ORZAMENTO GASTOS 2015 (XANEIRO-OUTUBRO)		
Servizo de Atención Cidadá		18.083,89 €
Xornadas	“Empoderamento das mulleres e transformación social”	647,02 €
	“TTIP ¿É necesario un tratado comercial con EEUU?”	373,12 €
TOTAL		19.104,03 €

2. Certificación do secretaria de actas, de data 05/05/15, sobre o acordo da Comisión Executiva da Unión Comarcal de CC.OO de Vigo, celebrada coa mesma data, de solicitude de celebración do convenio de colaboración co Concello de Vigo (PC), e de nomeamento de Dª Amelia Pérez Álvarez, como persoa responsable da sinatura do convenio, da que se acompaña fotocopia de DNI.

3. *Solicitud expresa de formalización do convenio da representante legal da entidade, de data 09/07/15.*
4. *Fotocopia de poder notarial, de data 20/03/13, de S.N. de CC.OO de Galicia a favor de outorgamento de facultade, entre outros, a D<sup>a</sup> Amalia Pérez Álvarez.*
- 5 *Declaración responsable do presidente, de data 09/07/15, de non ter percibido nin solicitado outras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da unión europea ou de organismos internacionais.*
6. *Autorización do representante legal da federación, de data 03/06/14, ao servizo de Participación Cidadá para solicitar a expedición informática ou telemática dos certificados que acreditan estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Administración.*
7. *Comunicación, de data 09/07/15, da Secretaria Xeral de CC.OO de Vigo, sobre composición da actual directiva.*
8. *Certificado da Secretaria Xeral, de mesma data, sobre número de afiliados á Unión Comarcal de CC.OO de Vigo: 11.489.*
9. *Balance de gastos e ingresos de 2014 e a correspondente memoria de actividades.*
10. *Orzamento de gastos e ingresos totais anuais da Unión Comarcal de CC.OO Vigo para o 2015.*
11. *Copia dos Estatutos da entidade.*
12. *Número de conta corrente nº 2080 5040 53 3040011880 de ABANCA, segundo certificación de código conta cliente, emitida pola entidade bancaria o 30/07/15.*

*Coa achega desta documentación e obrante no expediente do RMA, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.*

## 8. ANTICIPO

*Non se contempla a posibilidade de anticipo.*

## 9. COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

*Para dar cumprimento ao disposto no artigo 19.2 da LXS, o convenio contempla expresamente a compatibilidade da axuda con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar, á concellería de Participación Cidadá, a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien o proxecto subvencionado, debendo efectuarse, a dita comunicación, no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos (artigo 14.1.d) da LXS)*

*O apartado 3º do artigo 19 da LXS sinala que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividades subvencionada, en cuxo caso, procedera o reintegro do exceso obtido sobre o custe do proxecto subvencionado, xunto cos intereses de demora, unindo as cartas de pago á correspondente xustificación, de acordo co art. 37.3 da LXS e o art. 34 do RLXS.*

*En todo caso, no momento de xustificación da subvención deberá achegar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia acompañada das correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción das mesmas, conforme se indica na cláusula novena do convenio.*

## 10. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

### 10.A PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN

De conformidade coa Base 38<sup>a</sup>.4.2 das BEP, o convenio deberá incluír, entre outros extremos, o prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario.

Son gastos subvencionables, segundo o art. 31 da LXS, os que de maneira indubidable responden á natureza do proxecto subvencionado, que resulten estritamente necesarios e que se realicen entre o 01/01/15 e o 31/10/15.

Seguindo o disposto no art. 31.5 da LSG, o pagamento da subvención realizarase logo da xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 31 de outubro de 2015.

A Base 38<sup>a</sup>.11 das BEP establece que “As Bases da convocatoria terán que regular a xustificación das axudas no mesmo ano que se outorgan, o prazo de xustificación non será despois da segunda semana de decembro, e a súa remisión a Intervención Xeral para a súa fiscalización, non será despois do prazo que en cada caso establezan as normas xerais de peche que se aproban anualmente”.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a documentación e información estipulada na Pacto 8º do convenio (solicitud de abono, memoria das actuacións, memoria económica, etc.)

### 10.B. FORMA DE PAGO

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5040 53 3040011880 (ABANCA), segundo código de conta cliente de data 20/01/2015, emitido pola entidade bancaria

De non xustificar a subvención na forma e prazo establecido ou no caso de xustificación insuficiente, producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da mesma, tal como dispón o art. 31.5 da LSG e Base 38<sup>a</sup>.8 das BEP.

## 11. SUBCONTRATACIÓN

En aplicación do disposto no artigo 29.2 da LXS, o convenio contempla expresamente que a entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio, quedando fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

## 12. SINATURA DO CONVENIO

O convenio será asinado, en representación do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), por D. Abel Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde e, en representación da "Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo (CIF- G-15103112), por D<sup>a</sup> Amelia Pérez Álvarez (78734833Z), en calidade de Secretaria Xeral de CC.OO de Vigo.

### 13. NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de RXAP e PAC.

Por outra banda, a presente subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co artigo 18.1 da LXS.

### 14. RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto anteriormente e do informe xurídico de data 24/07/2015 e informe de fiscalización económica de 05/08/2015, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18 da Resolución de delegacións do Alcalde de data 19/06/15, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO

**PRIMEIRO.** - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890003, denominada "Convenios CC. Sindicais", incluída no vixente orzamento municipal prorrogado, a favor do sindicato Unión Comarcal de Comisións Obreiras CC.OO de Vigo.

**SEGUNDO.** - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo (CIF- G-15103112), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas e realizadas pola entidade entre o 01/01/15 e o 31/10/15, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos que xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

*TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DE COMISSIONS OBREIRAS (CC.OO) DE VIGO, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2015, ASÍ COMO, DO MANTENIMENTO, DIRECTAMENTE RELACIONADOS, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO*

*En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil quince*

#### *REUNIDOS*

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra parte, D<sup>a</sup> Amelia Pérez Álvarez con DNI 78734833-Z, en calidade de Secretaria de Organización da Unión Comarcal de Comissões Obreiras (CC.OO) de Vigo, con CIF: G-15103112 e domicilio social na Rúa As Teixugueiras, 11- entresollado, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 7137/320.*

*Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

#### *MANIFESTAN*

*I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, unións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial*

como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, laborais, informativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, recoñécelle á cidadanía o dereito constitucional a fundar sindicatos e afiliarse ao da súa elección, así como, aos sindicatos de traballadores e asociacións empresariais o de contribuír á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, nun Estado Social e Democrático de dereito, no que a participación sindical se considera fundamental.

III.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de políticas sociais de emprego, integración e orientación laboral e de defensa do dereito fundamental ao traballo, no marco do Estado social e democrático de Dereito, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, informativos e formativos ou de integración, así como, a promoción e organización de accións encamiñadas á representación e defensa dos dereitos dos traballadores e a reivindicación de políticas de pleno emprego, sendo a Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

IV.- Que a entidade Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo, de conformidade co coa "definición de principios" e art. 1 dos Estatutos de S.N. de CC.OO de Galicia, asume, entre os seus principios e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender das reivindicacións dos/as traballadores/as, sen discriminación
- ✓ Impulsar e desenvolver a igualdade de oportunidades, así como, combater a discriminación que, por razón de sexo, se produza
- ✓ Desenvolver accións positivas nas relacións laborais e condicións de traballo, así como, na consecución dunha representación equilibrada de homes e mulleres en todos os niveis
- ✓ Reivindicar a mellora das condicións de vida e de traballo de todos/as os/as traballadores/as
- ✓ Defender, especialmente, as reivindicacións das mulleres, da xuventude, das persoas maiores, da saúde laboral, do medio ambiente o do pacifismo, co fin de eliminar calquera discriminación baseada no sexo, na idade, a raza, a orixe étnica e as conviccións políticas e relixiosas, así como, por calquera outra circunstancia persoal ou social
- ✓ Apoiar as reivindicacións específicas das persoas emigrantes e dos/as traballadores/as estranxeiros que traballan en Galicia
- ✓ Orientar a súa actividade ao exercicio efectivo do dereito dos traballadores a un emprego estable, á plena protección social, á mellora das condicións de traballo e emprego da poboación activa, á solidariedade internacional entre traballadores, á integración social e laboral, en especial, dos colectivos suxeitos a condicións de exclusión, á mellora das condicións de vida e a promoción sociocultural, á consecución da igualdade de trato e oportunidades entre homes e mulleres, (...)

V.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 30/09/96, a Unión



Comarcal de Comisi3ns Obreiras (CC.OO) de Vigo at3pase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen 3nimo de lucro do Concello de Vigo co n3mero 487/96.

VI.- Na vontade de afondar nas s3as relaci3ns, o Concello de Vigo establece as canles de participaci3n necesarias para que a Un33n Comarcal de Comisi3ns Obreiras (CC.OO) de Vigo leve a cabo os seus proxectos planificadas para o ano 2015, en particular, as realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2015, segundo memoria achegada, que constit3en o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos xerados polas s3as actividades, as3 como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

VII.- As actividades programadas pola Un33n Comarcal de Comisi3ns Obreiras (CC.OO) de Vigo para o 2015, que fundamentan a conces33n da subvenci33n son, con car3cter xeral, segundo proxecto e orzamento incorporado ao expediente:

ACTIVIDADES E ORZAMENTO GASTOS 2015 (XANEIRO-OUTUBRO)		
Servizo de Atenci3n Cidad3		18.083,89 €
Xornadas	“Empoderamento das mulleres e transformaci3n social”	647,02 €
	“TTIP ¿3 necesario un tratado comercial con EEUU?”	373,12 €
TOTAL		19.104,03 €

VIII.- Que o vixente orzamento municipal prorrogado do Concello de Vigo, aprobado definitivamente o 13/06/14 (BOP N3m. 118, do venres 20/06/14), e obxecto de pr3rroga para o exercicio 2015, en virtude da resoluci33n do Alcalde, de data 22 de decembro de 2014, prev3 a partida orzamentaria n3 9240.4890003, denominada “Convenios CC. Sindicais”.

IX.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xu3o, de Subvenci33ns de Galicia, o convenio 3 o medio polo que se canalizan as subvenci33ns tramitadas polo procedemento de conces33n directa, nos que se establecen as condici33ns e compromisos aplicables, os intervenientes, concl3en o presente convenio ao fin de regular os termos da conces33n, cuxo obxecto 3 o fomento das actividades da entidade entre o 01/01/15 ao 31/10/15, mediante a colaboraci33n no financiamento dos gastos xerados polas mesmas, as3 como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

X.- Que a entidade Un33n Comarcal de Comisi3ns Obreiras (CC.OO) de Vigo non incorre en ningunha circunstancias e prohibici33ns recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvenci33ns (LXS), para obter a condici33n de beneficiaria da subvenci33n, at3pase ao corrente das s3as obrigas tributarias coas administraci33ns estatal, auton3mica e local, e fronte a Seguridade Social, e non 3 debedora por resoluci33n de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaraci33ns responsables e certificaci33ns incorporadas ao expediente.

XI.- Que, en base as precedentes consideraci33ns e ao interese p3blico, social e econ3mico que, para a cidade de Vigo, representan as actividades que desenvolve a entidade Un33n Comarcal de Comisi3ns Obreiras (CC.OO) de Vigo, o Concello de Vigo e a devandita entidade conve3en a s3a colaboraci33n, no 3mbito sociocomunitario, e a celebraci33n deste convenio, de conformidade cos seguintes

## PACTOS

*Primeiro.- A entidade Unión Comarcal de Comisi3ns Obreiras (CC.OO) de Vigo comprom3tase a colaborar coa concellar3a de Emprego, Participaci3n Cidad3 e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:*

- 1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a conces3n da subvenci3n, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.*
- 2. Darlles 3s actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a trav3s da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estar3 a disposici3n da entidade no servizo de Participaci3n Cidad3, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a s3a imaxe corporativa.*
- 3. Dispor dos permisos e autorizaci3ns necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execuci3n das actividades previstas.*
- 5. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se incl3a a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.*
- 6. As actividades de car3cter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao p3blico en xeral. O seu acceso ser3 aberto e grat3ito, limit3ndose o n3mero de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.*
- 7. Presentar3 ao Concello de Vigo, a trav3s da Conceller3a de Participaci3n Cidad3 e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e econ3mica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, as3 como, a balance econ3mico anual.*
- 8. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtenci3n doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades p3blicas ou privadas.*
- 9. Facilitar as actuaci3ns de supervisi3n e control que, en calquera momento, realicen os t3cnicos do Concello, polo que estar3 obrigada a proporcionar canta informaci3n e documentaci3n se lle solicite ao efecto.*
- 10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvenci3ns.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola s3a parte, comprom3tase a:*

- 1. Conceder directamente 3 entidade Un3n Comarcal de Comisi3ns Obreiras (CC.OO) de Vigo unha subvenci3n por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a partida orzamentaria n3 9240.4890003, denominada "Convenio CC. Sindicais", do vixente orzamento municipal prorrogado, co obxecto de colaborar ao financiamento dos gastos xerados polas actividades da entidade comprendidas entre o 01/01/15 e o 31/10/15, as3 como, de mantemento, directamente relacionados con aquelas, necesarios para o seu desenvolvemento, en definitiva, para o fomento das s3as actividades.*
- 2. Respectar a estrutura organizativa da Un3n Comarcal de Comisi3ns Obreiras (CC.OO) de Vigo.*

3. Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.

*Pola súa parte, o Concello está facultado para:*

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

*Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.*

*Sexto.- A presente subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co art. 18.1 da Lei Xeral de Subvencións.*

*Sétimo.- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con*

posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, con carácter permanente durante a vixencia do convenio, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades do sindicato para o 2015.

Oitavo- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Unión Comarcal de Comisións Obreiras (CC.OO) de Vigo mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 31 de outubro de 2015.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarse fotocopia do contrato de traballo.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE

- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Participación Cidadá, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa. Así mesmo, no taboleiro de anuncios da entidade, estará visible, durante a vixencia do convenio, cartel indicativo de que o Concello de Vigo colaborou no fomento das actividades da entidade levadas a cabo no 2015 entre xaneiro e outubro.

Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5040 53 3040011880 (ABANCA)

Décimo- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2015, no período comprendido entre o 01/01/15 e o 31/10/15.

*Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.*

*Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo segundo.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.*

*Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Participación Cidadá.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Participación Cidadá do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en*

*materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2015, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuaduplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2015.*

## **20(977).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIÓN COMARCAL DA UNIÓN DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA DE VIGO, PARA AXUDA DE FINANCIAMENTO DE GASTOS. EXPTE. 7140/320.**

*Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 3.08.15 e o informe de fiscalización do 14.08.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de xestión, do 21.08.15, conformado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:*

### **ANTECEDENTES**

*Con data 14/07/2015, D. Alberto Gonçalves Herrero, en calidade de secretario comarcal da Unión Comarcal da CIG de Vigo (CIF.- G-36706927), e actuando na súa representación, achegou solicitude para a tramitación dun convenio de colaboración entre a referida entidade e a Concellería de Participación Cidadá, para o fomento das súas actividades para o 2015, que se concretará na axuda ao seu financiamento así como, dos gastos de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento, realizados entre os meses de xaneiro a outubro do ano que andamos.*

*Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 24/07/2015 (doc. 150098097), a entidade achegou documentación para a actualización dos datos do Rexistro Municipal de Asociacións.*

*Consta certificación do Secretario de Organización da Unión Comarcal de Vigo, segundo o cal, a Executiva Comarcal da CIG de Vigo, acordou, en xuntanza de 25/06/2015, designar a D. Alberto Gonçalves Herrero como persoa responsable, en representación da central sindical, para a sinatura do convenio.*

*Con data de 03/08/2015, o Secretario da Administración Municipal emitiu informe xurídico favorable á proposta de convenio.*

*Asemade, o expediente foi fiscalizado favorablemente polo servizo de Intervención con data 14/08/2015. Non obstante, no referido informe se indica que, con carácter previo ao sometemento do expediente ao coñecemento da Xunta de Goberno Local, deberá procederse a rectificar o apartado 13º do Informe-Proposta, facendo constar que a subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co artigo 18.1 da Lei Xeral de Subvencións.*



*Tamén se indica, no dito informe, que debe ser eliminado o último inciso da cláusula 10ª do convenio, segundo o cal “como excepción, respecto ao gasto de teléfono estimados, por tratarse dun gasto estimado, difícil de concretar no momento da solicitude, admítese unha variación de ata un máximo do 10% sobre o importe proxectado”, quedando redactada do xeito que se expón de seguido:*

*“Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2015, no período comprendido entre o 01/01/15 e o 31/10/15.*

*Xustificárase o gasto polo concepto e importe solicitado: o gasto subvencionado ten carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención”*

*Deste xeito, foron incorporadas as correccións propostas polo servizo de Intervención tanto no apartado 13º do informe proposta como na cláusula 10ª do texto do convenio.*

*Ademais, se rectifica o texto do Convenio, de xeito que, onde di “Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado”, debe dicir “Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Participación Cidadá”*

*Por último, a técnica que subscribe da traslado, para o seu coñecemento, das conclusións expostas polo servizo de Intervención no seu informe, en relación co carácter excepcional desta forma de concesión de subvención.*

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **1. NORMATIVA APLICABLE**

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP-PAC)*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)*
- *Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local*
- *Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.*
- *Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL) e Real Decreto 500/1990*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG)*
- *Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)*
- *Bases de execución do presuposto, aprobado por acordo plenario de 13/06/2014 (expte: 27/142) e prorrogado en virtude de resolución do Alcalde de data 22 de decembro de 2014.*
- *Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de data 26/03/1992, modificado por acordo de 31/03/1993*

### **2. COMPETENCIA MUNICIPAL**

*A Constitución proclama, no seu artigo 137, que os municipios gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. Deste xeito, un dos piares fundamentais da autonomía local é de carácter obxectivo ou material, e se concreta na clara atribución e determinación de competencias do ente local.*

*En virtude da competencia estatal sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o sistema de determinación das competencias locais, ven regulado, a nivel básico, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBR), nos seus artigos 2, 7, 25, 26 e 27, na redacción dada aos mesmos pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.*

*O artigo 2 da citada norma dispón que, para a efectividade da autonomía local constitucionalmente garantida ás Entidades Locais, as leis do Estado ou das Comunidades Autónomas, reguladoras dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberán asegurar aos municipios o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten ao seu círculo de intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública e a capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia e con estrita suxeición á normativa de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.*

*O artigo 25 enumera, no seu apartado 2º as materias sobre as que o municipio exercerá competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das CC.AA. Polo tanto, non contén un listado concreto e determinado de competencias municipais, senón as materias cuxa concreción competencial se difire ao lexislador ordinario, estatal ou autonómico.*

*Polo que se refire á materia que nos ocupa, non existe, no citado artigo 25 da LRBL ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.*

*Así, unha das principais funcións do Servizo de Participación é o fomento das actividades e actuacións das entidades se ánimo de lucro inscritas no RMA, que cumpran os requisitos legalmente establecidos, fomento que se canaliza anualmente a través da convocatoria pública de subvencións e por medio da formalización de convenios de colaboración, como é o caso do convenio obxecto da presente tramitación, que se ven celebrando nos últimos anos, tal e como se desprende dos expedientes nº 1085/320 (1999/2003), 2306/320 (2004/06), 3197/320 (2007), 3394/320 (2008), 4354/320 (2009), 4693/320 (2010), 5213/320 (2011), 5792/320 (2012), 6306/320 (2013) e 6726/320 (2014).*

### **3. RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO**

*A concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexeráse polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal prorrogado e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*En cumprimento do disposto nos art. 65.3 da LXS e 26.2 a) da LSG e das Bases de execución do presuposto, apartado 38ª.4.2 das BEP, o texto do convenio que se achega para a súa aprobación contén, a lo menos, os seguintes extremos:*

- determinación do obxecto da subvención*
- réxime xurídico aplicable*
- beneficiarios e modalidade de axuda*
- crédito orzamentario*
- compatibilidade ou incompatibilidade con outras axudas*
- prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario e forma de pago*

*Polo que se refire aos órganos competentes para a concesión das axudas, si ben, tanto a Lei 38/2003 como a Lei 9/2007, nos seus respectivos artigos 3, contemplan no seu ámbito obxectivo de aplicación, ás entidades locais, ao mesmo tempo, remiten a regulación dos concretos órganos competentes para a concesión das subvencións, no ámbito local, á normativa específica integrada pola lexislación de réxime local (artigos 7.4 da Lei 38/03 e 10.4 da Lei 9/07).*

*No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.*

*Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, que no seu apartado 1.3º, dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ó fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”.*

*Ademais, en virtude do disposto no apartado 4.18º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015 se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos convenios de colaboración que deban subscribirse con entidades privadas, e que teñan por obxecto a concesión dunha subvención municipal que financie en parte unha iniciativa, proxecto ou actividade de interese público municipal que complemente os servizos municipais. Finalmente, o convenio será asinado polo Alcalde ou concelleiro en quen delegue, en representación do Concello de Vigo.*

#### **4. MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA**

*O artigo 22.2.c) la Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS, en adiante), contempla a concesión directa daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario. Coa formalización deste convenio, tratase de*

*fomentar accións e políticas en defensa do dereito fundamental ao traballo, así como dos dereitos e intereses da clase traballadora en xeral, e de colectivos minoritarios ou marxidados, en particular, no marco do Estado Social e Democrático de Dereito, políticas de promoción e integración laboral e social, así como, aquelas outras orientadas ao pleno emprego e a unha distribución xeral e persoal equitativa, que garanta o progreso social e económico.*

*O vixente exercicio presupostario que foi aprobado, con carácter definitivo, polo Pleno xeral, o 13 de xuño de 2014 (expte: 27/142), publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 118, de data 20 de xuño, e obxecto de prórroga para o exercicio 2015, en virtude da resolución do Alcalde, de data 22 de decembro de 2014, inclúe a partida 9240 4890003 "Convenios CC Sindicais", cunha dotación de 45.000,00 €*

*A beneficiaria figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co núm. 487/96, segundo Decreto de Alcaldía de data 30/06/96*

## **5. OBXECTO DA SUBVENCIÓN**

*Tal e como se desprende do art. 2.1.b) e c) da LXS enténdese por subvención toda disposición de diñeiro realizada, neste caso, pola Administración Local, a favor de persoas públicas ou privadas que cumpra, entre outros, o requisito de "que a entrega esté suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, execución dun proxecto, realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver...", "... que teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública" e que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.*

*Neste caso, o obxecto do convenio e o fomento das actividades programados pola entidade para o ano 2015, mediante a colaboración no financiamento dos gastos xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente relacionados polas mesmas, realizados entre xaneiro e outubro, necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público, social e económico.*

*A Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo, de conformidade co art. 6 dos Estatutos da CIG, basea a súa actuación nos obxectivos fixados no seu Programa, entre os que se encontran, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:*

- ✓ A mellora progresiva e xeral, individual e colectiva dos intereses dos/as traballadores/as, da propia organización e do conxunto da sociedade galega, das condicións laborais e da calidade de vida*
- ✓ A profundación democrática e social constante co fin de achegarse a unha nova sociedade máis xusta e máis humana*
- ✓ O pleno exercicio de todos os dereitos humanos, individuais e sociais, sen discriminacións*
- ✓ Promover o máximo respecto á dignidade humana, a paz, a democracia, a xustiza social e a igualdade, así como, a aplicación da Declaración Universal de Dereitos Humanos, a través da acción colectiva dos/as traballadores/as*
- ✓ A loita contra toda forma de racismo, xenofobia ou prexuízo e discriminación na sociedade en razón de xénero, estado civil, enfermidade, idade, lingua, relixión, opinión política, opción sexual, posición social ou económica, orixe étnica ou cultural*
- ✓ Impulsar a participación sociopolítica e a inserción laboral e profesional das mulleres e da mocidade na sociedade, asegurando a igualdade de oportunidades e a ausencia de discriminacións*
- ✓ Pular pola plena integración sociolaboral das persoas con discapacidades*

- ✓ Promover as estruturas e accións necesarias para a plena integración na sociedade dos grupos máis desfavorecidos, co obxecto de eliminar as bolsas de extrema pobreza e marxinalidade
- ✓ Desenvolver políticas sobre a situación migratoria (...)

*Tal e como se sinalou anteriormente, nos termos contemplados no art. 72 LRBRL, "as Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños, facilitándolle a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades, impulsando a súa participación na xestión da Corporación..."*

*Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovelas activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia, no termo municipal, de agrupacións, federacións, unións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto de ámbitos territoriais como sectorial, as cales, pola súa implantación nos barrios e parroquias e o seu compromiso no desenvolvemento dunha gran diversidade de actividades asistenciais, integradoras, reivindicativas, veciñais, festivas, deportivas, culturais, educativas, etc., acadan o propósito de implicar a poboación na proposta e detección de solucións a diferentes problemáticas sociais e urbanas, establecendo canais de cooperación co Concello na consecución do progreso socioeconómico da cidade, a través de proxectos máis amplos que conxuguen as vontades individuais co servizo á comunidade.*

*Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e sociolaboral, no ámbito da defensa dos dereitos e intereses da clase traballadora, de loita pola súa promoción e integración social e laboral, que redundan no beneficio da cidadanía.*

*O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo, para subvencionar os gastos xerados polas súas actividades programadas para o 2015, así como, de mantemento, directamente relacionados con aquelas, realizados entre os meses de xaneiro a outubro necesarios para o seu desenvolvemento, en definitiva, para o fomento das súas actividades.*

*Desta vontade común entre o Concello e a asociación, nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.*

## 6. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

*O vixente orzamento municipal prorrogado, inclúe a partida orzamentaria nº 9240 4890003, denominada "Convenios CC. Sindicais", dotada con 45.000 €.*

*As Bases de execución do presuposto, dispoñen na Disposición Final 3ª que, dentro do capítulo IV, son prorrogables, os créditos que afecten a actividades e programas con permanencia, é dicir, subvención anual continuada nos últimos exercicios. Deste xeito, como xa se expuxo anteriormente, se veñen subscribindo, en exercicios anteriores, convenios anuais de*

colaboración coa mesma entidade beneficiaria e, os presupostos xerais veñen recollendo unha dotación específica para esta finalidade, polo que, salvo mellor criterio da Intervención, a devandita aplicación debe considerarse prorrogada para o exercicio en curso.

A contía do presente convenio é de 15.000 € (quinze mil euros).

#### Documentación

a) A entidade solicitante da subvención está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) no epígrafe 5.1 denominado "Laboral, sindical, profesional: sindicatos", co número 489/96, cumprindo así co requisito establecido no art. 12 do Regulamento de Participación Cidadá de 1992 (acordo plenario de 26/03/92) e co disposto no art. 236.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro (ROF), que condicionan, primeiramente, a percepción de calquera subvención á previa inscrición da interesada no RMA.

b) A Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber: certificados de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS e declaración responsable da representante da entidade, de data 9/07/15, de encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de non incorrer nas prohibicións do artigo 13 da LXS e de que a entidade non é debedora por resolución, de procedencia de reintegro.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1- proxecto de actividades da entidade para o ano 2015, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos xerados polas mesmas, así como, de mantemento, directamente relacionados con aquelas, realizados entre os meses de xaneiro e outubro. Comprende a denominación das actividades, no seu caso, datas, horarios, lugar de celebración, intervincentes, asistentes e destinatarios/as, medios materiais e persoais. O proxecto concreto de actividades e o orzamento de gastos de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ACTIVIDADES 2014	ORZAMENTO GASTOS 2014 (XANEIRO-OUTUBRO)	
Servizo de atención cidadá	Gastos de persoal	11.326,60 €
	Subministro eléctrico	4.000,00 €
	Mantemento do local (Limpeza)	4.000,00 €
Xornadas formativas	Dietas e atencións protocolarias	100,00 €
	Material funxible e publicitario	200,00 €
	<b>TOTAL</b>	<b>19.626,60 €</b>

2. Solicitude expresa do Secretario Comarcal da Unión Comarcal da CIG de Vigo, de data 14/07/15, de celebración do convenio de colaboración co Concello de Vigo

3. Certificado do Secretario de organización, de data 09/07/15, segundo o cal, a executiva comarcal da CIG, en xuntanza de 25 de xuño de 2015, acordou solicitar a formalización do convenio de colaboración, designando como persoa responsable para a súa sinatura a D. Alberto González Herrero, do que se achega fotocopia de DNI.
4. Certificado do Secretario de Organización da CIG, de data 22/07/14, sobre membros que compoñen a Executiva Comarcal da CIG, razón social, teléfono, enderezo e correo electrónico da entidade e número de afiliados da Unión Comarcal de Vigo: 18.121.
5. Memoria de actividades realizada durante o ano 2014, acompañada do correspondente balance económico de ingresos e gastos
6. Proxecto de actividades a realizar durante o ano 2015, acompañada do correspondente previsión de gastos e ingresos para o 2015
7. Certificación de código conta cliente (CCC) nº 2080 5127 61 3040000192 de Abanca, emitida pola entidade bancaria o 13/07/15
- 8- Autorización do representante legal da federación, de data 09/07/15, ao servizo de Participación Cidadá para solicitar a expedición informática ou telemática dos certificados que acreditan estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Administración.
- 9- Declaración responsable do secretario comarcal, da mesma data, de non ter percibido nin solicitado outras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da unión europea ou de organismos internacionais.
- 10- Fotocopia contratos traballo da persoa cuxos custes salariais se subvencionan no presente convenio

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

## 8. ANTICIPO

Non se contempla a posibilidade de anticipo.

## 9. COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 19.2 da LXS, o convenio contempla expresamente a compatibilidade da axuda con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar, á concellería de Participación Cidadá, a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien o proxecto subvencionado, debendo efectuarse, a dita comunicación, no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos (artigo 14.1.d) da LXS)

O apartado 3º do artigo 19 da LXS sinala que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividades subvencionada, en cuxo caso, procedera o reintegro do exceso obtido sobre o custe do proxecto subvencionado, xunto cos intereses de demora, unindo as cartas de pago á correspondente xustificación, de acordo co art. 37.3 da LXS e o art. 34 do RLXS.

En todo caso, no momento de xustificación da subvención deberá achegar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia acompañada das correspondentes resolucións de

concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción das mesmas, conforme se indica na cláusula novena do convenio.

## 10. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

### 10.A PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN

De conformidade coa Base 38ª.4.2 das BEP, o convenio deberá incluír, entre outros extremos, o prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario.

Son gastos subvencionables, segundo o art. 31 da LXS, os que de maneira indubidable responden á natureza do proxecto subvencionado, que resulten estritamente necesarios e que se realicen entre o 01/01/15 e o 31/10/15.

Segundo o disposto no art. 31.5 da LSG, o pagamento da subvención realizarase logo da xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 31 de outubro de 2015.

A Base 38ª.11 das BEP establece que “As Bases da convocatoria terán que regular a xustificación das axudas no mesmo ano que se outorgan, o prazo de xustificación non será despois da segunda semana de decembro, e a súa remisión a Intervención Xeral para a súa fiscalización, non será despois do prazo que en cada caso establezan as normas xerais de peche que se aproban anualmente”.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a documentación e información estipulada na Pacto 8º do convenio (solicitude de abono, memoria das actuacións, memoria económica, etc.)

### 10.B. FORMA DE PAGO

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5127 61 3040000192 (Abanca), segundo certificado bancario de data 13/07/2015.

De non xustificar a subvención na forma e prazo establecido ou no caso de xustificación insuficiente, producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da mesma, tal como dispón o art. 31.5 da LSG e Base 38ª.8 das BEP.

## 11. SUBCONTRATACIÓN

En aplicación do disposto no artigo 29.2 da LXS, o convenio contempla expresamente que a entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio, quedando fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

## 12. SINATURA DO CONVENIO



O convenio será asinado, en representación do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), por D. Abel Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde e, en representación da Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo (CIF- G-15383011), por D. Alberto Gonçalves Herrero, en calidade de Secretario Comarcal da CIG de Vigo.

### 13. NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de RXAP e PAC.

Por outra banda, a presente subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co artigo 18.1 da LXS.

### 14. RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto anteriormente e do informe xurídico de data 03/08/2015 e informe de fiscalización económica de 14/08/2015, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18 da Resolución de delegacións do Alcalde de data 19/06/15, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.** - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á aplicación presupostaria nº 9240.4890003, denominada "Convenios CC. Sindicais", incluída no vixente orzamento municipal de 2015, a favor do sindicato Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo.

**SEGUNDO.** - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo (CIF- G-36706927), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2015, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente relacionados, realizados entre os meses de xaneiro e outubro, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

*TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar resolución.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG) DE VIGO, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2015, ASÍ COMO, DE MANTENIMENTO, DIRECTAMENTE RELACIONADOS, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO, REALIZADOS ENTRE XANEIRO E OUTUBRO*

*En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil quince*

### **REUNIDOS**

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra parte, D. Alberto Gonçalves Herrero, con DNI 36050811-J, en calidade de Secretario Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo, con CIF: G-36706927 e domicilio social na Rúa Gregorio Espino, 47- entresollado, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 7140/320.*

*Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

### **MANIFESTAN**

*I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovelas activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, unións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial.*

*Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, laborais, informativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.*

*II.- Que o Concello de Vigo, recoñécelle á cidadanía o dereito constitucional a fundar sindicatos e afiliarse ao da súa elección, así como, aos sindicatos de traballadores e asociacións empresariais o de contribuír á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, nun Estado Social e Democrático de dereito, no que a participación sindical se considera fundamental.*

*III.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de políticas sociais de emprego, integración e orientación laboral e de defensa do dereito fundamental ao traballo, no marco do Estado social e democrático de Dereito, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, informativos e formativos ou de integración, así como, a promoción e organización de accións encamiñadas á representación e defensa dos dereitos dos traballadores e a reivindicación de políticas de pleno emprego, sendo a Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo unha das máis importantes asociacións neste ámbito.*

*IV.- Que a entidade Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo, de conformidade co art. 6 dos Estatutos da CIG, basea a súa actuación nos obxectivos fixados no seu Programa, entre os que se encontran, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:*

- ✓ A profundización democrática e social constante co fin de achegarse a unha nova sociedade máis xusta e máis humana, sen explotación económica nin opresión política, calquera que sexa a forma na que estas se manifesten.*
- ✓ O pleno exercicio de todos os dereitos humanos, individuais e sociais, sen discriminacións.*
- ✓ Impulsar a participación sociopolítica e a inserción laboral e profesional das mulleres e da mocidade na sociedade.*
- ✓ Promocionar iniciativas, estudos, programas e proxectos de carácter social, laboral, tecnolóxico, educativo e formativo, dirixidos a impulsar a integración social e laboral do conxunto dos traballadores e traballadoras.*

*V.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 03/10/96, a Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 489/06.*

*VI.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo leve a cabo os seus proxectos planificadas para o ano 2015, en particular, as realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2015 segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao*

financiamento dos gastos xerados polas súas actividades, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

VII.- As actividades programadas pola Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo para o 2015, que fundamentan a concesión da subvención son, con carácter xeral, segundo proxecto e orzamento incorporado ao expediente:

ACTIVIDADES 2015	ORZAMENTO GASTOS 2015 (XANEIRO-OUTUBRO)	
Servizo de atención cidadá	Gastos de persoal	11.326,60 €
	Subministro eléctrico	4.000,00 €
	Mantemento do local (Limpeza)	4.000,00 €
Xornadas formativas	Dietas e atencións protocolarias	100,00 €
	Material funxible e publicitario	200,00 €
	<b>TOTAL</b>	<b>19.626,60 €</b>

VIII.- Que o Concello de Vigo prevé, no capítulo IV ("Transferencias correntes") do seu vixente orzamento municipal (2015), aprobado definitivamente o 13/06/14 (BOP Núm. 118, do venres 20/06/14), e obxecto de prórroga para o exercicio 2015, en virtude da resolución do Alcalde, de data 22 de decembro de 2014, prevé a partida orzamentaria nº 9240.4890003, denominada "Convenios CC. Sindicais".

IX.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade entre o 01/01/15 ao 31/10/15, mediante a colaboración no financiamento dos gastos xerados polas mesmas, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

X.- Que a entidade Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo non incorre en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

XI.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social e económico que, para a cidade de Vigo, representan as actividades que desenvolve a entidade Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

#### PACTOS

*Primeiro.- A entidade Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:*

- 1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.*
- 2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*
- 3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- 5. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.*
- 6. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.*
- 7. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, a balance económico anual.*
- 8. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*
- 9. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.*
- 10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

- 1. Conceder directamente á entidade Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria nº 9240.4890003, denominada "Convenio CC. Sindicais", do vixente orzamento municipal (2015), co obxecto de colaborar ao financiamento dos gastos xerados polas actividades da entidade comprendidas entre o 01/01/15 e o 31/10/15, así como, de mantemento, directamente relacionados con aquelas, necesarios para o seu desenvolvemento, en definitiva, para o fomento das súas actividades.*
- 2. Respectar a estrutura organizativa da Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo.*
- 3. Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.*

*Pola súa parte, o Concello está facultado para:*

*1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.*

*2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou disfrute da subvención e, no se caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.*

*3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.*

*4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.*

*Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.*

*Sexto.- A presente subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co art. 18.1 da Lei Xeral de Subvencións.*

*Sétimo.- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, con carácter permanente durante a vixencia do convenio, un cartel*

publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades do sindicato para o 2015.

Oitavo- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 31 de outubro de 2015.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) *Solicitud de abono da subvención.*

b) *Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

1. *Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
2. *Datas e lugar de celebración.*
3. *Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
4. *Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
5. *Actuacións realizadas.*
6. *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
7. *No seu caso, memoria de prensa e comunicación*
8. *No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
9. *Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento*

c) *Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, ríscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.*

*A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.*

d) *Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:*

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrência das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF ou o IS será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria



- no seu caso, xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa. Así mesmo, no taboleiro de anuncios da entidade, estará visible, durante a vixencia do convenio, cartel indicativo de que o Concello de Vigo colaborou no fomento das actividades da entidade levadas a cabo no 2015 entre xaneiro e outubro.

Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5127 61 3040000192 (ABANCA)

*Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2015, no período comprendido entre o 01/01/15 e o 31/10/15.*

*Xustificarase o gasto polo concepto e importe solicitado: o gasto subvencionado ten carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.*

*Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo segundo.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.*

*Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2015, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadriplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2015.*

**21(978).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIÓN COMARCAL DA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT) DE VIGO”, PARA AXUDA DE FINANCIAMENTO DE GASTOS. EXPTE. 7141/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.08.15 e o informe de fiscalización do 21.08.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de xestión, do 25.08.15, conformado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

*Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 15/07/15, D<sup>a</sup> Rosa Arcos Caamaño, en calidade de Secretaria de Administración e Finanzas de UGT Galicia e en nome de Unión Comarcal de UXT de Vigo (CIF: G-15383011), achegou solicitude (doc.150094074), para a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Vigo (Participación Cidadá), para axudar ao financiamento das actividades da entidade para o ano 2015, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento, realizados entre xaneiro e outubro, mediante unha achega económica de 15.000 €.*

*Segundo certificación do Secretario Xeral e da Secretaria de Organización e Área Interna de UGT Galicia, de data 30/06/15, a Comisión Executiva do 30/06/15, acordou solicitar a formalización do referido convenio e nomear a D<sup>a</sup> Rosa Arcos Caamaño, como a persoa responsable da sinatura do convenio, así como, para calquera outra xestión que deba realizar a entidade ante esta administración concedente, relativa á tramitación do convenio de colaboración. Achégase poder notarial, de data 30/01/14, ao seu favor.*

*Con data de 06/08/2015, o Secretario da Administración Municipal emitiu informe xurídico favorable á proposta de convenio.*

*Asemade, o expediente foi fiscalizado favorablemente polo servizo de Intervención con data 21/08/2015. Non obstante, no informe económico se indica que, con carácter previo ao sometemento do expediente ao coñecemento da Xunta de Goberno Local, deberá procederse a rectificar o apartado 13º do Informe-Proposta, facendo constar que a subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co artigo 18.1 da Lei Xeral de Subvencións.*

*Tamén se indica, no dito informe, que debe ser eliminado o último inciso da cláusula 10ª do convenio, segundo o cal “Como excepción, respecto dos gastos estimados, difíciles ou imposibles de concretar no momento da solicitude (auga, luz, teléfono), admítese unha variación de ata un máximo do 10% sobre o importe proxectado”, quedando redactada do xeito que se expón de seguido:*

*“Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención”*

*Deste xeito, foron incorporadas as correccións propostas polo servizo de Intervención tanto no apartado 13º do informe proposta como na cláusula 10ª do texto do convenio.*

*Ademais, se rectifica o texto do Convenio, de xeito que, onde di “Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado”, debe dicir “Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Participación Cidadá”*

*Por último, a técnica que subscribe da traslado, para o seu coñecemento, das conclusións expostas polo servizo de Intervención no seu informe, en relación co carácter excepcional desta forma de concesión de subvención.*

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### 1. NORMATIVA APLICABLE

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP-PAC)*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)*
- *Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local*
- *Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL) e Real Decreto 500/1990*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG)*
- *Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)*
- *Bases de execución do presuposto, aprobado por acordo plenario de 13/06/2014 (expte: 27/142) e prorrogado en virtude de resolución do Alcalde de data 22 de decembro de 2014.*
- *Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de data 26/03/1992, modificado por acordo de 31/03/1993*

### 2. COMPETENCIA MUNICIPAL

*A Constitución proclama, no seu artigo 137, que os municipios gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. Deste xeito, un dos piares fundamentais da autonomía local é de carácter obxectivo ou material, e se concreta na clara atribución e determinación de competencias do ente local.*

*En virtude da competencia estatal sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o sistema de determinación das competencias locais, ven regulado, a nivel básico, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBR), nos seus artigos 2, 7, 25, 26 e 27, na redacción dada aos mesmos pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.*

*O artigo 2 da citada norma dispón que, para a efectividade da autonomía local constitucionalmente garantida ás Entidades Locais, as leis do Estado ou das Comunidades Autónomas, reguladoras dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberán asegurar aos municipios o seu dereito a intervenir en cantos asuntos afecten ao seu círculo de intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública e a capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia e con estrita suxeición á normativa de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.*

*O artigo 25 enumera, no seu apartado 2º as materias sobre as que o municipio exercerá competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das CC.AA. Polo tanto, non contén un listado concreto e determinado de competencias municipais, senón as materias cuxa concreción competencial se difire ao lexislador ordinario, estatal ou autonómico.*

*Polo que se refire á materia que nos ocupa, non existe, no citado artigo 25 da LRBL ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.*

*Así, unha das principais funcións do Servizo de Participación é o fomento das actividades e actuacións das entidades de ánimo de lucro inscritas no RMA, que cumpran os requisitos legalmente establecidos, fomento que se canaliza anualmente a través da convocatoria pública de subvencións e por medio da formalización de convenios de colaboración, como é o caso do convenio obxecto da presente tramitación, que se ven celebrando nos últimos anos, tal e como se desprende dos expedientes nº 1085/320 (1999/2003), 2306/320 (2004/06), 3197/320 (2007), 3394/320 (2008), 4354/320 (2009), 4693/320 (2010), 5213/320 (2011), 5793/320 (2012), 6293/320 (2013) e 6712/320 (2014)*

### **3. RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO**

*A concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexeráse polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal prorrogado e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*En cumprimento do disposto nos art. 65.3 da LXS e 26.2 a) da LSG e das Bases de execución do presuposto, apartado 38ª.4.2 das BEP, o texto do convenio que se achega para a súa aprobación contén, a lo menos, os seguintes extremos:*

- determinación do obxecto da subvención*
- réxime xurídico aplicable*
- beneficiarios e modalidade de axuda*
- crédito orzamentario*
- compatibilidade ou incompatibilidade con outras axudas*
- prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario e forma de pago*

*Polo que se refire aos órganos competentes para a concesión das axudas, si ben, tanto a Lei 38/2003 como a Lei 9/2007, nos seus respectivos artigos 3, contemplan no seu ámbito obxectivo de aplicación, ás entidades locais, ao mesmo tempo, remiten a regulación dos concretos órganos competentes para a concesión das subvencións, no ámbito local, á normativa específica integrada pola lexislación de réxime local (artigos 7.4 da Lei 38/03 e 10.4 da Lei 9/07).*

*No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.*

*Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, que no seu apartado 1.3º, dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a “aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ó fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados”.*

*Ademais, en virtude do disposto no apartado 4.18º da resolución da Alcaldía de data 19/06/2015 se delegou nos concelleiros propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación dos convenios de colaboración que deban subscribirse con entidades privadas, e que teñan por obxecto a concesión dunha subvención municipal que financie en parte unha iniciativa, proxecto ou actividade de interese público municipal que complemente os servizos municipais. Finalmente, o convenio será asinado polo Alcalde ou concelleiro en quen delegue, en representación do Concello de Vigo.*

#### **4. MODALIDADE DA AXUDA: CONCESIÓN DIRECTA. A BENEFICIARIA**

*O artigo 22.2.c) la Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS, en diante), contempla a concesión directa daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario. Coa formalización deste convenio, tratase de fomentar accións e políticas en defensa do dereito fundamental ao traballo, así como dos*

*dereitos e intereses da clase traballadora en xeral, e de colectivos minoritarios ou marxinados, en particular, no marco do Estado Social e Democrático de Dereito, políticas de promoción e integración laboral e social, así como, aquelas outras orientadas ao pleno emprego e a unha distribución xeral e persoal equitativa, que garanta o progreso social e económico.*

*O vixente exercicio presupostario que foi aprobado, con carácter definitivo, polo Pleno xeral, o 13 de xuño de 2014 (expte: 27/142), publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 118, de data 20 de xuño, e obxecto de prórroga para o exercicio 2015, en virtude da resolución do Alcalde, de data 22 de decembro de 2014, inclúe a partida 9240 4890003 "Convenios CC Sindicais", cunha dotación de 45.000,00 €*

*Consultado os arquivos da Oficina de Participación Cidadá, consta que a beneficiaria da subvención, a Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 488/96, segundo Decreto de Alcaldía de data 30/09/96.*

## **5. OBXECTO DA SUBVENCIÓN**

*O obxecto do convenio e o fomento das actividades programados pola entidade para o ano 2015, mediante a colaboración no financiamento dos gastos xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente relacionados, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público, social e económico.*

*Segundo recolle os arts. 9 dos Estatutos da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Galicia, a Unión Comarcal de Vigo, asume, entre os seus fins e tarefas, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:*

- ✓ Desenvolvemento e aseguramento do Estado social e democrático de Dereito*
- ✓ Impulsar políticas xerais que afecten ao conxunto da clase traballadora e persigan a mellora e transformación da sociedade*
- ✓ Representar os intereses da clase traballadora na política social, sanitaria e educativa, en materia de emprego, seguridade social, políticas de mercado de traballo e saúde laboral*
- ✓ Exercer unha especial defensa das reivindicacións das mulleres e da mocidade, evitando a discriminación por razón de sexo ou idade*
- ✓ Defender os dereitos das persoas maiores, traballando para garantir a súa suficiencia económica e benestar*
- ✓ Perseguir a integración laboral e social das persoas con discapacidade e das minorías e colectivos marxinados*
- ✓ Promover a integración social das persoas traballadoras e estranxeiras en igualdade de condicións que as galegas*
- ✓ Esixir dos poderes públicos condicións para facer realidade o dereito das persoas traballadoras a gozar dunha vivenda digna e adecuada*
- ✓ Demandar dos poderes públicos unha política orientada ao pleno emprego, e unha distribución da renda rexional e persoal mais equitativa, que garanta o progreso social e económico (...)*

*Tal e como se sinalou anteriormente, nos termos contemplados no art. 72 LRBRL, "as Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños, facilitándolle a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas*

*para a realización das súas actividades, impulsando a súa participación na xestión da Corporación...”.*

*Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo reconece a existencia, no termo municipal, de agrupacións, federacións, unións asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto de ámbitos territoriais como sectorial, as cales, pola súa implantación nos barrios e parroquias e o seu compromiso no desenvolvemento dunha gran diversidade de actividades asistenciais, integradoras, reivindicativas, veciñais, festivas, deportivas, culturais, educativas, etc., acadan o propósito de implicar a poboación na proposta e detección de solucións a diferentes problemáticas sociais e urbanas, establecendo canais de cooperación co Concello na consecución do progreso socioeconómico da cidade, a través de proxectos máis amplos que conxuguen as vontades individuais co servizo á comunidade.*

*Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e sociolaboral, no ámbito da defensa dos dereitos e intereses da clase traballadora, de loita pola súa promoción e integración social e laboral, que redundan no beneficio da cidadanía.*

*O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo, para subvencionar os gastos xerados polas súas actividades programadas para o 2015, así como, de mantemento, directamente relacionados con aquelas, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, necesarios para o seu desenvolvemento, en definitiva, para o fomento das súas actividades.*

*Desta vontade común entre o Concello e a asociación, nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.*

## **6. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA**

*O vixente orzamento municipal prorrogado, inclúe a partida orzamentaria nº 9240 4890003, denominada “Convenios CC. Sindicais”, dotada con 45.000 €.*

*As Bases de execución do presuposto, dispoñen na Disposición Final 3ª que, dentro do capítulo IV, son prorrogables, os créditos que afecten a actividades e programas con permanencia, é dicir, subvención anual continuada nos últimos exercicios. Deste xeito, como xa se expuxo anteriormente, se veñen subscribindo, en exercicios anteriores, convenios anuais de colaboración coa mesma entidade beneficiaria e, os presupostos xerais veñen recollendo unha dotación específica para esta finalidade, polo que, salvo mellor criterio da Intervención, a devandita aplicación debe considerarse prorrogada para o exercicio en curso.*

*A contía do presente convenio é de 15.000 € (quinze mil euros).*

*Documentación*



a) A entidade solicitante da subvención está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) no epígrafe 5.1 denominado "Laboral, sindical, profesional: sindicatos", co número 488/96, cumprindo así co requisito establecido no art. 12 do Regulamento de Participación Cidadá de 1992 (acordo plenario de 26/03/92) e co disposto no art. 236.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro (ROF), que condicionan, primeiramente, a percepción de calquera subvención á previa inscrición da interesada no RMA.

b) A Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber: certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS e declaracións responsables do presidente da asociación, de data 01/07/15, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS, de non ter solicitado nin percibido outras axudas para a mesma finalidade, así como, de non ser debedor, por resolución, de procedencia de reintegro.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1- Proxecto de actividades da Unión Comarcal para o ano 2015, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos gastos xerados polas mesmas, así como, de mantemento, directamente relacionados, realizados entre os meses de xaneiro e outubro, necesarios para o seu desenvolvemento. Comprende a denominación das actividades, fundamentación, obxectivos e descrición, no seu caso, data e lugar de celebración, asistentes, medio de difusión, recursos humanos e materiais . O orzamento de gastos de mantemento que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ACTIVIDADES E ORZAMENTO GASTOS 2015 (XANEIRO-OUTUBRO)		
Custes salariais	Servizo de Atención Cidadá	13.500,00 €
Xornadas	"Reforma Laboral, contratación e cotización das empregadas de fogar e limpeza"	625,00 €
	"Saúde Laboral"	625,00
	"Prevención de Riscos Laborais en pequenas empresas"	625,00 €
	"Prevención de Riscos"	625,00 €
Mantemento	Gastos correntes: luz, teléfono, limpeza, auga	500,00 €
TOTAL		16.500,00 €

2. Solicitude expresa de formalización do convenio de colaboración da Secretaria de Administración e Finanzas, de data 15/07/15

3. Certificación da Secretaria de Organización e Área Interna e do Secretario Xeral de UXT-Galicia, de data 30/06/15, sobre acordo da Comisión Executiva da UXT-Galicia, celebrada o 30/06/15, de solicitude de formalización do convenio de colaboración co Concello de Vigo e nomeamento de Dª Rosa Arcos Caamaño, para actuar en nome da organización e, polo tanto, como persoa responsable da súa sinatura. Achégase fotocopia do seu DNI.

4. Elevación a escritura pública de data 30/01/14 (nº 169), da certificación da Secretaria de Organización e Área Interna da Comisión Executiva da UXT-Galicia, sobre composición da referida Comisión e sobre apoderamento, entre outros, da Secretaria de Organización e Finanzas, Dª Rosa Arcos Caamaño.

5. Certificado da Secretaria de Administración e Finanzas de UXT-Galicia, de data 22/07/15, sobre número de afiliados á Unión Comarcal de UXT de Vigo: 11.123
6. Balance económico de gastos e ingresos e memoria de actividades de 2014.
7. Orzamento de gasto e ingresos obxecto de convenio.
8. Programa de actividades e orzamento de gastos e ingresos totais anuais da Unión Comarcal UXT Vigo para o 2015.
9. Certificación de BBVA sobre titularidade da conta co código IBAN nº ES10 0182 5947 1200 1003 0140, emitida pola entidade bancaria o 30/10/14.
10. Copia, selada e asinada, dos Estatutos da entidade, trala modificación estatutaria operada, acompañada de notificación de resolución pola que se ordenou a publicación no DOG do depósito da modificación daqueles, emitida pola Consellería de Traballo e Benestar Social da Xunta de Galicia, de 15/01/14
11. Certificación da Secretaria de Área Interna sobre composición da xestora da Unión de UXT de Vigo
12. Fotocopia do contratos de traballo das persoas cuxos custes salariais serán obxecto de subvención
- 13- Autorización do representante legal da federación, de data 01/07/15, ao servizo de Participación Cidadá para solicitar a expedición informática ou telemática dos certificados que acreditan estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Administración.
- 14- Declaración responsable do secretario comarcal, da mesma data, de non ter percibido nin solicitado outras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da unión europea ou de organismos internacionais.

A entidade cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

## 8. ANTICIPO

Non se contempla a posibilidade de anticipo.

## 9. COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 19.2 da LXS, o convenio contempla expresamente a compatibilidade da axuda con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar, á concellería de Participación Cidadá, a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien o proxecto subvencionado, debendo efectuarse, a dita comunicación, no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos (artigo 14.1.d) da LXS)

O apartado 3º do artigo 19 da LXS sinala que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividades subvencionada, en cuxo caso, procedera o reintegro do exceso obtido sobre o custe do proxecto subvencionado, xunto cos intereses de demora, unindo as cartas de pago á correspondente xustificación, de acordo co art. 37.3 da LXS e o art. 34 do RLXS.

En todo caso, no momento de xustificación da subvención deberá achegar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia acompañada das correspondentes resolucións de

concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción das mesmas, conforme se indica na cláusula novena do convenio.

## 10. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

### 10.A PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN

De conformidade coa Base 38<sup>a</sup>.4.2 das BEP, o convenio deberá incluír, entre outros extremos, o prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario.

Son gastos subvencionables, segundo o art. 31 da LXS, os que de maneira indubidable responden á natureza do proxecto subvencionado, que resulten estritamente necesarios e que se realicen entre o 01/01/15 e o 31/10/15.

Seguindo o disposto no art. 31.5 da LSG, o pagamento da subvención realizarase logo da xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 31 de outubro de 2015.

A Base 38<sup>a</sup>.11 das BEP establece que “As Bases da convocatoria terán que regular a xustificación das axudas no mesmo ano que se outorgan, o prazo de xustificación non será despois da segunda semana de decembro, e a súa remisión a Intervención Xeral para a súa fiscalización, non será despois do prazo que en cada caso establezan as normas xerais de peche que se aproban anualmente”.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a documentación e información estipulada na Pacto 8<sup>o</sup> do convenio (solicitud de abono, memoria das actuacións, memoria económica, etc.)

### 10.B. FORMA DE PAGO

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente co código IBAN ES10 0182 5947 1200 1003 0140 (BBVA), segundo certificado bancario de data 30/10/14.

De non xustificar a subvención na forma e prazo establecido ou no caso de xustificación insuficiente, producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da mesma, tal como dispón o art. 31.5 da LSG e Base 38<sup>a</sup>.8 das BEP.

## 11. SUBCONTRATACIÓN

En aplicación do disposto no artigo 29.2 da LXS, o convenio contempla expresamente que a entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio, quedando fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

## 12. SINATURA DO CONVENIO

O convenio será asinado, en representación do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), por D. Abel Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde e, en representación da Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo (CIF: G-15383011), por D. Alberto Gonçalves Herrero, en calidade de Secretario Comarcal da CIG de Vigo.

### 13. NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de RXAP e PAC.

Por outra banda, a presente subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co artigo 18.1 da LXS.

### 14. RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18 da Resolución de delegacións do Alcalde de data 19/06/15, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.** - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida presupostaria nº 9240.4890003, denominada "Convenios CC. Sindicais", incluída no vixente orzamento municipal de 2015, a favor do sindicato Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo.

**SEGUNDO.** - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo (CIF: G-15383011), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2015, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos xerados por aquelas, así como, de mantemento, directamente relacionados, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

**TERCEIRO.** - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo,

*poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT) DE VIGO, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2015, ASÍ COMO, DE MANTEMENTO, DIRECTAMENTE RELACIONADOS, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO, REALIZADOS ENTRE XANEIRO E OUTUBRO*

*En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil quince*

### **REUNIDOS**

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra parte, D<sup>a</sup> Rosa Arcos Caamaño, con DNI 33291048-C, en calidade de Secretaria de Administración y Finanzas de UXT-Galicia, en nome e representación da Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo, con CIF: G-15383011 e domicilio social na Rúa E. Heraclio Botana, 2 / Avda. García Barbón, 67, de Vigo, segundo documentación incorporada ao expte. 7141/320.*

*Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

### **MANIFESTAN**

*I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, unións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial*

como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, laborais, informativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, recoñécelle á cidadanía o dereito constitucional a fundar sindicatos e afiliarse ao da súa elección, así como, aos sindicatos de traballadores e asociacións empresariais o de contribuír á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, nun Estado Social e Democrático de dereito, no que a participación sindical se considera fundamental.

III.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de políticas sociais de emprego, integración e orientación laboral e de defensa do dereito fundamental ao traballo, no marco do Estado social e democrático de Dereito, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, informativos e formativos ou de integración, así como, a promoción e organización de accións encamiñadas á representación e defensa dos dereitos dos traballadores e a reivindicación de políticas de pleno emprego, sendo a Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

IV.- Que a entidade Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo, de conformidade co art. 8 dos Estatutos de UXT Galicia, asume, entre os seus fins e tarefas, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Desenvolvemento e aseguramento do Estado social e democrático de Dereito
- ✓ Impulsar políticas xerais que afecten ao conxunto da clase traballadora e persigan a mellora e transformación da sociedade
- ✓ Representar os intereses da clase traballadora na política social, sanitaria e educativa, en materia de emprego, seguridade social, políticas de mercado de traballo e saúde laboral
- ✓ Exercer unha especial defensa das reivindicacións das mulleres e da mocidade, evitando a discriminación por razón de sexo ou idade
- ✓ Defender os dereitos das persoas maiores, traballando para garantir a súa suficiencia económica e benestar
- ✓ Perseguir a integración laboral e social das persoas con discapacidade e das minorías e colectivos marxidados
- ✓ Promover a integración social das persoas traballadoras e estranxeiras en igualdade de condicións que as galegas
- ✓ Esixir dos poderes públicos condicións para facer realidade o dereito das persoas traballadoras a gozar dunha vivenda digna e adecuada
- ✓ Demandar dos poderes públicos unha política orientada ao pleno emprego, e unha distribución da renda rexional e persoal mais equitativa, que garanta o progreso social e económico (...)

V.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 30/09/96, a Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 488/06.

VI.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo leve a cabo os seus proxectos planificadas para o ano 2015, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos xerados polas súas actividades, así como, de mantemento, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

VII.- As actividades programadas pola Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo para o 2015, que fundamentan a concesión da subvención son, con carácter xeral, segundo proxecto e orzamento incorporado ao expediente:

ACTIVIDADES E ORZAMENTO GASTOS 2015 (XANEIRO-OUTUBRO)		
Custes salariais	Servizo de Atención Cidadá	13.500,00 €
Xornadas	“Reforma Laboral, contratación e cotización das empregadas de fogar e limpeza”	625,00 €
	“Saúde Laboral”	625,00
	“Prevención de Riscos Laborais en pequenas empresas”	625,00 €
	“Prevención de Riscos”	625,00 €
Mantemento	Gastos correntes: luz, teléfono, limpeza, auga	500,00 €
TOTAL		16.500,00 €

VIII.- Que o Concello de Vigo prevé, no capítulo IV (“Transferencias correntes”) do seu vixente orzamento municipal (2015), aprobado definitivamente o 13/06/14 (BOP Núm. 118, do venres 20/06/14), e obxecto de prórroga para o exercicio 2015, en virtude da resolución do Alcalde, de data 22 de decembro de 2014, prevé a partida orzamentaria nº 9240.4890003, denominada “Convenios CC. Sindicais”.

IX.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade para o ano 2015, mediante a colaboración no financiamento dos gastos xerados polas mesmas, así como, de mantemento, directamente relacionados, realizados entres os meses de xaneiro a outubro, necesarios para o seu desenvolvemento,

X.- Que a entidade Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo non está incurso en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

XI.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social, económico, que para a cidade de Vigo, representan as actividades que desenvolve a entidade Unión Comarcal

da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

## PACTOS

Primeiro.- A entidade Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. *Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.*
2. *Darles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*
3. *Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
4. *Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
5. *Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.*
6. *As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.*
7. *Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, a balance económico anual.*
8. *Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*
9. *Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.*
10. *Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. *Conceder directamente á entidade Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria nº 9240.4890003, denominada "Convenio CC. Sindicais", do vixente orzamento municipal (2015), co obxecto de colaborar ao financiamento dos gastos xerados polas actividades da entidade para o 2015, así como, de mantemento, directamente relacionados con*



*aquelas, necesarios para o seu desenvolvemento, realizados entre xaneiro e outubro, en definitiva, para o fomento das súas actividades.*

*2. Respetar a estrutura organizativa da Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores (UXT) de Vigo.*

*3. Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.*

*Pola súa parte, o Concello está facultado para:*

*1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.*

*2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.*

*3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.*

*4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.*

*Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.*

Sexto.- A presente subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co art. 18.1 da Lei Xeral de Subvencións.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, con carácter permanente, durante a vixencia do convenio, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades do sindicato para o 2015.

Oitavo- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega (CIG) de Vigo mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 31 de outubro de 2015.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto

*ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.*

*d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:*

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.*
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.*
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos*
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...*
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.*
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).*
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.*
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.*
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.*
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.*
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a*

*acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención*

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*
- o IRPF ou o IS será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria*
- no seu caso, xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.*
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado*

*e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.*

*f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.*

*g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:*

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

*h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa. Así mesmo, no taboleiro de anuncios da entidade, estará visible,*

*durante a vixencia do convenio, cartel indicativo de que o Concello de Vigo colaborou no fomento das actividades da entidade levadas a cabo no 2015.*

*Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente co código IBAN ES10 0182 5947 1200 1003 0140 (BBVA)*

*Décimo- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2015, no período comprendido entre o 01/01/15 e o 31/10/15.*

*Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.*

*Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo segundo.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.*

*Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal,*

sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2015, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2015.

## **22(979).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, PARA O SUBMINISTRO DE ARRENDAMENTO (RENTING) DE VEHÍCULOS PARA A POLICÍA LOCAL. EXPTE. 43577/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17.07.15 e o informe de fiscalización do 30.07.15, dáse conta do informe-proposta do intendente-xefe da Policía Local, do 22.07.15, conformado polo concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I.- O 13 de marzo de 2015, a iniciativa do funcionario que suscribe, o Concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, ordena a incoacción de expediente de contratación (43577-212) para a subministración en réxime de arrendamento (renting), por un período de 4 anos, e un orzamento máximo de 1.021.018,56 € (255.254,64/ano), con IVE incluído de 165.266, 52 €, dun mínimo de 17 vehículos.

II.- Na tramitación do expediente se teñen elaborado o Prego de Prescricións Técnicas (PPT) e o de Cláusulas Administrativas Particulares que haberán de rexir a adxudicación e a execución do contrato.

A memoria xustificativa e o PPT definitivo, asinado o 09/07/2015, foron elaboradas polo funcionario que suscribe.

III.- No expediente consta tamén os informes favorables da Asesoría Xurídica Municipal de 18/06/2015 e de 17/07/2015.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

*Primeiro.- En canto ao inicio do expediente e contido, arts. 109 e disposición adicional segunda, apartados 2,3 e 8, todos do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro; asimesmo o Acordo de delegacións da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014.*

*Segundo.- En canto á aprobación do expediente, art. 110 e a disposición adicional segunda do RDLex 3/2011.*

*Terceiro.- A aplicación orzamentaria de imputación do prezo máximo do contrato é a 1320.204.00.00 ( renting vehículos da Policía Local).*

*En mérito de canto antecede, previo informe de fiscalización e da existencia de crédito adecuado e suficiente pola Intervención Xeral, o funcionario que suscribe ven en propoñer ao Concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO*

*1º.- Aprobar o expediente de contratación para o subministro en réxime de arrendamento (renting) dun mínimo de 17 vehículos para o servizo da Policía Local (expte. 43577/212), cos seus pregos de prescripcións técnicas particulares e de cláusulas administrativas particulares, cunha duración de 4 anos (2016-2020) e un orzamento máximo de 1.021.018,56 € ( 255.254,64/ano), con IVE de 21% incluído que acada 177.201,57 €, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.204.00.00 ( renting vehículos da Policía Local)*

*2º.- Ordenar a apertura do procedemento de adxudicación, aberto, de tramitación ordinaria e suxeito a regulación harmonizada.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(980).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE CATRO SUBALTERNOS, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.D.D) DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL (EBEP) POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE CONSERXERÍA. EXPTE. 26916/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe o informe de fiscalización do 21.08.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 12.08.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Con data 10 de agosto de 2015, a Xefa de Subalternos, remite oficio, conformado pola Xefa da Área de Réxime Interior, manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de catro subalternos/as por mor da situación existente no Servizo pola escaseza de efectivos existentes no mesmo para cubrir os servizos nos distintos edificios municipais (Casa do Concello, edificio do Reitorado, etc), debido o incremento de actividades experimentado nos mesmos, agravado polas baixas de enfermidade de longa duración coas que conta na actualidade e, as sete prazas vacantes por xubilación existentes no mesmo.*

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 10 de agosto de 2015, prestou conformidade á referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino de catro subalternos/as por acumulación de tarefas, previstos no artigo 10.1.d), da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Conserxería, nos termos da solicitude da súa xefa de Servizo de data 07 de agosto pasado.

En execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de once prazas de Subalterno/a de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 11 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de febreiro de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 27 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos/as 44 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde o nomeamento como subalternos/as das aspirantes que figuran nas posicións núms. 1-GONZÁLEZ SANCHEZ, ISABEL, DNI 36.151.568-F, 2-SANCHEZ CARRASCO, TERESA, DNI 07.837.404-Q, 4-VEGA PRIETO, SUSANA, DNI 46.840.215-W e, 5-VILLAMOR ÁLVAREZ, JESÚS ANGEL, DNI 36.136.095-J, que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron neste Servizo de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño do posto. Significar que a aspirante que figuran na posición núm. 3-Fernández Álvarez, Sara figura na última posición da lista o ter renunciado voluntariamente a posibilidade de ser nomeada con ocasión da elaboración do expediente 25476/220.

En consecuencia, corresponde o nomeamento dos/das aspirantes núms. 1-González Sánchez, Isabel, 2-Sánchez Carrasco, Teresa, 4-Vega Prieto, Susana e 5-Villamor Álvarez, Jesús Ángel, tendo en conta que as/os mesmas/os levan mais de seis meses dende que finalizaron os seus últimos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas (art. 10.1.d) do EBEP como subalternos/as, expte. 25476/220 e 25478/220, respectivamente, aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 01/08/14, rematando os mesmos en data 03/02/2015, polo que dende o pasado 04/08/2015, xa están en condicións de ser novamente nomeados/as.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo, modificada por acordo do mesmo Órgano de data 24 de abril de 2009, que modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do



*EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:*

*“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.*

*A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 155-Ordenanza-Porteiro) da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.*

*De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.*

*Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respectados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade, xa que os/as citados/as candidatos/as superaron os exercicios da correspondente oposición para cubrir en propiedade prazas de auxiliar de administración xeral na última convocatoria pública.*

*A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición asinado pola Xefa de Subalternos conformado pola Xefa da Área de Réxime Interior de data 07 de agosto pasado, que obra no expediente.*

*Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, dispón no seu artigo 21.2, que durante o ano 2015 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se*

consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, dada Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.

h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

i) Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

j) Protección da salubridade pública.

k) Cemiterios e actividades funerarias.

l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*

n) *Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*

ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

*Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:*

*–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademais: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.*

*O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*

3.- *Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restrición no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:*

*–Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).*

*–Intervención Xeral Municipal.*

*–Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.*

*–Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)*

–Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.

–Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.

–Recursos Humanos.

–Administración Electrónica.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrución 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Trátase polo tanto dunha competencia recollida no apartado 3º das referidas Instrucións, xa que se trata dun servizo interno ou central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno das dependencias municipais.

O importe do custe de ditos nomeamentos, para acomete-lo gasto proposto durante un período de seis meses ascende a un total de 41.024,40€, e imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de catro funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Subalternos/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei

7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Conserxería, contidas no escrito de data 07 de agosto de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 41.024,40€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 -outras modalidades contratación temporal, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarios interinos por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D<sup>a</sup>. ISABEL GONZÁLEZ SÁNCHEZ, DNI 36.151.568-F, D<sup>a</sup>. TERESA SÁNCHEZ CARRASCO, DNI 07.837.404-Q, D<sup>a</sup>. SUSANA VEGA PRIETO, DNI 46.840.215-W e, D. JESÚS ANGEL VILLAMOR ÁLVAREZ, DNI 36.136.095-J, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Subalterno/a, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Os referido nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155, ordenanza-porteiro/a, sendo adscritos/as ao Servizo de Conserxería (cód. 201).

Cuarto.- A xornada laboral dos traballadores nomeados desenvolverase en horario de mañá ou de tarde segundo as necesidades do Servizo de Conserxería.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(981).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE CATRO AUXILIARES, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.D.D) DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL (EBEP) POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE ESTATÍSTICA. EXPTE. 26948/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe o informe de fiscalización do 24.08.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 19.08.15, conformado pola xefa de Réxime Interior, e o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Con data 11 de agosto de 2015, a Xefa de Estatística solicita a incorporación de persoal auxiliar para o seu servizo, á vista das baixas de longa duración e pola inexistencia ou falta de persoal administrativo suficiente que permita dar cobertura a actual carga de traballo existente no*

mesmo e que garanta a realización das tarefas administrativas indispensables do referido servizo.

O Concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, por Resolución de Alcaldía de 07/08/2015 de delegación das competencias do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto de Alcaldía e Acordo da XGL de 19/06/2015), a través de instrución de servizo de data 12 de agosto de 2015, autoriza o nomeamento interino de catro auxiliares de administración xeral por acumulación de tarefas, dous/dúas deles/as para comezar en setembro e outros/as dous/dúas en outubro, previstos no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo referenciado, nos termos da solicitude da súa xefa de Servizo de data 11 de agosto de 2015, da lista de substitución existente da última convocatoria de persoal auxiliar correspondente a oferta de emprego público executada ou, no seu caso, de non existir candidatos/as suficientes, da lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local en data 13/03/2015.

En execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de marzo de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Así mesmo e sendo insuficiente a lista a que se refire o parágrafo anterior, a Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 aprobou unha Bolsa de Emprego que permita o nomeamento interino de Auxiliares Administrativos/as.

Seguindo estritamente a orde da lista derivada da execución da Oferta de Emprego Público 2008, así como a da lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local de 13/03/2015, e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde segundo informe técnico que figura no expediente, o nomeamento como auxiliares de administración xeral dos aspirantes D. MARCOS COSTAS SOUSA, DNI 36.088.051-Q, D<sup>a</sup>. NURIA NÚÑEZ ABOY, DNI 36.084.011-R, D<sup>a</sup> CLARA BARCIELA BALADO, DNI 76.998.711-R, e D<sup>a</sup> CARMEN CANOSA FERNÁNDEZ, DNI 35.314.350-N, que aceptaron expresamente o mesmo, significándose así mesmo que os interesados acreditaron neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que os aspirantes propostos D. Marcos Costas Sousa, D<sup>a</sup> Nuria Núñez Aboy e D<sup>a</sup> Clara Barciela Balado levan mais de seis meses dende que remataron os seus últimos nomeamentos interinos como auxiliares de administración xeral (art. 10.1.d) do EBEP, expte. 25126/220, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 30/04/14, rematando os mesmos en data 04/11/2014, polo que están en condicións de ser novamente nomeados dende o 05 de maio pasado. Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que a aspirante proposta D<sup>a</sup>. Carmen Canosa Fernández, non prestou servizos nesta Administración como auxiliar de administración xeral (art. 10.1.d) do EBEP, polo que están en condicións de ser nomeada.

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:*

*"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:*

*"Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas".*

*A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.*

*Así mesmo, de conformidade co disposto no apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, "os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral."*

*Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que os citados candidatos superaron os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en propiedade de prazas de auxiliar de administración xeral na última convocatoria pública ou, no seu caso os exercicios celebrados en execución da Bolsa de Emprego formada por acordo da Xunta de Goberno Local de 13/03/2015.*

*Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, dispón no seu artigo 21.2, que durante o ano 2015 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.*

*A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:*

*En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.*

*Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:*

*1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

*“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:*

*a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.*

*b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.*

*c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*

*d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*

*e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.*

*f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*



- g) *Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*
- h) *Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*
- i) *Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*
- j) *Protección da salubridade pública.*
- k) *Cemiterios e actividades funerarias.*
- l) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*
- m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*
- n) *Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*
- ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

*Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:*

- En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*
- Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.*
- Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.*
- Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademais: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.*

*O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*

3.- *Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restrición no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:*

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).*
- Intervención Xeral Municipal.*
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)*
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.*
- Recursos Humanos.*
- Administración Electrónica.*

*O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*

4.- *O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.*

*En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrución 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.*
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.*

*Trátase polo tanto dunha competencia recollida no apartado 3º das referidas Instrucións, xa que se trata dun servizo interno ou central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento do Concello.*

*O importe do custe de ditos nomeamentos, para acomete-lo gasto proposto durante un período de seis meses ascende a un total de 42.990,48€, e imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de gastos.*

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de catro funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Auxiliares de administración xeral, dous/dúas deles/as para comezar en setembro e outros/as dous/dúas en outubro, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Estatística, contidas no escrito de data 11 de agosto de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 42.990,48€, (correspondendo a cantidade de 25.077,47€ ao presente exercicio orzamentario e 17.912,70€ ao vindeiro exercicio), con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 do vixente orzamento prorrogado para o presente ano, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarios interinos por acumulación de tarefas como auxiliares de administración xeral, por un período máximo de seis meses, á D. MARCOS COSTAS SOUSA, DNI 36.088.051-Q, D<sup>a</sup>. NURIA NÚÑEZ ABOY, DNI 36.084.011-R, D<sup>a</sup> CLARA BARCIELA BALADO, DNI 76.998.711-R, e D<sup>a</sup> CARMEN CANOSA FERNÁNDEZ, DNI 35.314.350-N, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios nas últimas convocatorias para a provisión de prazas de Auxiliar de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, de conformidade coas bases xerais das mesmas, así como do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Auxiliares de Administración Xeral, autorizado pola Xunta de Goberno Local de 16/01/2015 e, no disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

Terceiro.- Dispoñer que o nomeamentos indicados realizaranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar, sendo adscritos ao Servizo de Estatística (cód. 234).

Cuarto.- Establecer que a xornada laboral dos funcionarios nomeados desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do servizo fose necesario.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **25.- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE CATRO AUXILIARES, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.D.D) DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL (EBEP) POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 26976/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe o informe de fiscalización do 24.08.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 21.08.15, conformado pola xefa de Réxime Interior, e o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*En data 14/07/2015, a Xefa do Servizo e o Xefe da Área de Benestar Social, conformado pola Concelleira-delegada de Políticas de Benestar, solicita o nomeamento interino de persoal auxiliar, á vista da inexistencia ou falta de persoal administrativo suficiente que permita dar cobertura a actual carga de traballo existente no mesmo e que garanta a realización das tarefas administrativas indispensables do referido servizo, ademais da enorme carga de traballo do departamento ao estar en proceso de baremación, entre outros, o programa AMES de libros e comedor.*

*O Concelleiro Delegado de Xestión Municipal e Persoal, en data 19/08/2015 ordea que, polo Servizo de Recursos Humanos se inicie expediente administrativo para proceder á correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local, de catro auxiliares de administración xeral por un período máximo de seis meses, segundo disposto no Art. 10.1 d) da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público, polos/as seguintes aspirantes da lista de substitucións ou bolsa de efectivos resultante da última Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, segundo proposta do Órgano de Selección de data 17 de xaneiro de 2012 ou, de non existir candidatos/as suficientes, da lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos formada por acordo da Xunta de Goberno local en data 13/03/2015*

*En execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de marzo de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.*

*Así mesmo e sendo insuficiente a lista a que se refire o parágrafo anterior, a Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 aprobou unha Bolsa de Emprego que permita o nomeamento interino de Auxiliares Administrativos/as.*

*Seguindo estritamente a orde da lista derivada da execución da Oferta de Emprego Público 2008, así como a da lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local de 13/03/2015, e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde segundo informe técnico que figura no expediente, o nomeamento como auxiliares de administración xeral dos aspirantes D<sup>a</sup> Marta Varela Costas, con DNI 36092432G , D<sup>a</sup> Gabriela Hernandez Fernandez DNI 53183812S, D<sup>a</sup> Monica Vazquez Dominguez con DNI 36078630W e D<sup>a</sup> Almudena Carballo Troncoso con DNI 77004448B, integrantes da lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 16/01/2015, que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron neste Servizo de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.*

*Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que os aspirantes propostos D<sup>a</sup> Marta Varela Costas, con DNI 36092432G , D<sup>a</sup> Gabriela Hernandez Fernandez DNI 53183812S, , D<sup>a</sup> Monica Vazquez Dominguez con DNI 36078630W e D<sup>a</sup> Almudena Carballo Troncoso con DNI 77004448B, non prestaron servizos nesta Administración como auxiliar de administración xeral (art. 10.1.d) do EBEP, polo que están en condicións de ser nomeadas.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das “Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo”, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:*

*“Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:*

*“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.*

*A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de*

*funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.*

*Así mesmo, de conformidade co disposto no apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, "os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral."*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os*

*critérios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira, apartado g) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente na actualidade, establece que aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a actividade extraordinaria derivada da conducción de un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, por un importe de de 3'38 €/mes. Para ter dereito á percepción deste complemento será preceptivo o desempeño destas funcións por tempo superior ó 50% de cada respectiva xornada diaria.*

*Da análise da documentación comprobouse a existencia de relacións do persoal dos distintos servizos propostos para o aboamento do complemento de produtividade, con indicación individualizada dos días traballados e importes según o estipulado na instrución precitada así como o vehículo utilizado, número de flota. Así mesmo as xefaturas de servizos informan dos traballos desenvolvidos utilizando os vehículos referenciados en ditos informes no segundo trimestre do ano 2015. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva utilización de ditos vehículos polos efectivos municipais asignados á unidade, con indicación expresa das datas na que foi realizada a actividade laboral.*

*Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 920.01500000, efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os días nos que*

se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as “INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais .

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por utilización de vehículo lixeiro sin ser oficiais condutores, fundamentada nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrución Terceira apartado g) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, correspondentes ao 2º trimestre-2015, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- “Productividade”, por importe de 114'92 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación

do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### ANEXO I

Complemento de Productividade por conducción vehículo municipal sin ser oficiais conductores do persoal do servizo de Xuventude correspondente ao 2º Trimestre-2015

Apellido e Nome	Abril	Maio	Xuño	TOTAL
Santiago Dacosta, Francisco	47,32 €	-----	67'60 €	114'92 €
				114'92 €

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **41(997).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SIN SER OFICIAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2015. EXPTE. 26944/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.08.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 13.08.15, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, e o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

*Recíbese no Servizo de Recursos Humanos, debidamente asinado polo Xefe do servizo e o Concelleiro/a delegado/a correspondente, informes do servizo de Medio Ambiente, que contén relación do persoal que ten dereito a percibir o complemento de produtividade por conducción de vehículo municipal sin sen oficiais conductores, correspondentes ao 2º trimestre-2015.*

*O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.*

*No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).*

*Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os*

*criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:*

*A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.*

*En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.*

*A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.*

*As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.*

*Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.*

*As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrucción Terceira, apartado g) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente na actualidade, establece que aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a actividade extraordinaria derivada da conducción de un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, por un importe de de 3'38 €/mes. Para ter dereito á percepción deste complemento será preceptivo o desempeño destas funcións por tempo superior ó 50% de cada respectiva xornada diaria.*

*Da análise da documentación comprobase a existencia de relacións do persoal dos distintos servizos propostos para o aboamento do complemento de produtividade, con indicación individualizada dos días traballados e importes según o estipulado na instrucción precitada así como o vehículo utilizado, número de flota. Así mesmo as xefaturas de servizos informan dos traballos desenvolvidos utilizando os vehículos referenciados en ditos informes no segundo trimestre do ano 2015. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva utilización de ditos vehículos polos efectivos municipais asignados á unidade, con indicación expresa das datas na que foi realizada a actividade laboral.*

*Esta retribución, de carácter variable con cargo a aplicación orzamentaria 920.01500000, efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os días nos que*

se realizan outras tarefas, períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as "INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a "MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓN. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-"Productividade", proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por utilización de vehículo lixeiro sin ser oficiais condutores, fundamentada nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado g) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, correspondentes ao 2º trimestre-2015, polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- "Productividade", por importe de 412'36 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a Intervención Xeral, para a súa inclusión na vindeira nómina.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación

do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### ANEXO I

Complemento de Productividade por conducción vehículo municipal sin ser oficiais conductores do persoal do servizo de Medio Ambiente correspondente ao 2º Trimestre-2015

Apelido e Nome	Abril	Maio	Xuño	TOTAL
Álvarez Díaz, Roberto	-----	60'84	-----	60'84 €
Rodríguez Barbosa, Francisco J.	67'60	6'76	70'98	145'34 €
Hervada Ventín, Andrés	67'60	67'60	70'98	206'18 €
				412'36 €

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **42(998).- BASES RECTORAS DAS AXUDAS SOCIO-SANITARIAS 2015-2ª FASE. EXPTE. 26906/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.08.15, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 24/07/2015, a Secretaria da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS) remite ao Servizo de Recursos Humanos oficio comunicando que en sesión da mesma data, a Comisión Xestora acordou a convocatoria de axudas socio-sanitarias 2015-1ª Fase, que ascenden a un importe de 285.000 €, destinados a axudas en concepto de gastos non incluídos nin cubertos pola Seguridade Social (próteses dentais, oculares, ortopédicas, entre outras).

2.- O contido do texto da convocatoria transcribese literalmente:

#### CONDICIONS XERAIS.-

1.- *Ámbito persoal e beneficiarios.*

*Poderán solicitar axudas o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentario e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme. As axudas comprenderán ao traballador/a, cónxuxe e fillos/as menores de 25 anos (excepto discapacitados), que non teñan ingresos e convivan con este/a.*

*O persoal referido no parágrafo anterior deberá estar en situación de activo ou en excedencia por coidado de fillos/as, no prazo de presentación das solicitudes e reunir os requisitos esixidos polo programa.*

*No suposto de que dous empregados tivesen a condición de beneficiarios en relación co mesmo causante, só un deles terá dereito á axuda.*

2.- *Prazo de presentación de solicitudes.*



O prazo de presentación de solicitudes será unha vez aprobada esta convocatoria pola Xunta de Goberno Local ata o 30 de setembro de 2015.

### 3.- Solicitudes e documentación complementaria.

a) As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado, achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria e entregarse na sede física da Comisión Xestora do FAS (comité de persoal 5º andar). Esta acusará recibo formal da mesma e entregarse a/ao solicitante.

b) Documentación :

- Impreso de solicitude do Fondo Social.
- Fotocopia cotexada da factura ou orixinais (non se aceptan recibos), do concepto que motiva a axuda, con data de expedición dende o 01 de agosto de 2014 ata 31 de agosto de 2015.
- Páxina da declaración da renda onde figuran os datos familiares. Libro de Familia (só menores de 16 anos). No caso de fillos/as que non convivan co/a solicitante, documento que acredite a axuda económica.
- Parellas de feito, documentación acreditativa.

c) Requisitos e condicionantes das facturas e documentación a presentar:

- As facturas de gafas deberán especificar o importe da montura e dos cristais (para a montura concederase unha axuda máxima de 100 €), e achegárase coa mesma a valoración optométrista.
- As facturas de dentista deberán ser detalladas.
- A/o solicitante autoriza á comisión para comprobar as retribucións percibidas no concello.
- Queda excluída a limpeza bucal do traballador/a por estar cuberta pola mutua.

d) A ocultación de datos, a falsidade na documentación achegada ou a omisión da requerida, darán lugar á denegación da axuda solicitada ou á perda da concedida, coa devolución, neste último caso, das cantidades indevidamente percibidas, con independencia das responsabilidades a que tivese lugar. En calquera dos casos, non se poderá acceder a ningún tipo de axuda durante o tempo que determine a Comisión do FAS, atendendo á gravidade dos feitos, cun mínimo de cinco anos e un máximo de dez.

### 4.- Procedemento e resolución.

a) Rematado o prazo de presentación de solicitudes, procederá ao seu estudo e cualificación a Comisión do FAS, que, unha vez ultimada a súa xestión, formulará a listaxe de admitidos e excluídos, con indicación neste último caso da/s causa/s de exclusión.

Para comprobar a veracidade dos documentos achegados, a Comisión do FAS poderá requirir a calquera solicitante para que presente a certificación que considere oportunas.

Os requisitos e condicións familiares e persoais entenderanse referidos ao prazo de presentación da solicitude.

A reunión de todos os requisitos exixidos, tanto de carácter persoal, como documental ou formal, permitirá a estimación da solicitude. Pola contra, a falta dalgún dos anteriores requisitos ou documentos que se deben de achegar coa solicitude inicial producirá a desestimación da solicitude.

b) Para a concesión da axuda e atendendo ás retribucións anuais do solicitante, establécense os seguintes tramos:

TRAMO I - Menos de 25.000 €  
TRAMO II - De 25.001 € a 28.000 €  
TRAMO III - De 28.001 € a 37.000 €  
TRAMO IV - De 37.001 € a 49.000 €  
TRAMO V - Máis de 49.001 €

c) A comisión do FAS publicará nos taboleiros e na intranet do concello a admisión ou exclusión dos solicitantes.

Os interesados poderán formular as reclamacións que sexan procedentes no prazo de 30 días naturais dende a publicación do listado de admitidos e excluídos.

A axuda pagarase na conta consignada para o ingreso da nómina.

d) O prazo máximo para resolver as solicitudes será de 6 meses, a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das instancias.

5.- Contía da axuda.

A estimación aproximada das cuantías máximo a percibir en cada tramo, serán as seguintes:

TRAMO I - 790 €  
TRAMO II - 585 €  
TRAMO III - 435 €  
TRAMO IV - 320 €  
TRAMO V - 250 €

A comisión do FAS poderá modificar a anterior repartición cando, polo número de instancias presentadas o orzamento establecido para esta axuda non fose abondo para a aplicación dos importes sinalados no punto anterior, de xeito que estes sexan minguados proporcionalmente ata que o importe global das solicitudes aprobadas non supere o importe establecido para esta axuda.

Así mesmo, as cantidades asignadas poderanse incrementar proporcionalmente ata o límite da partida orzamentada, se o número de solicitudes aprobadas así o permite.

2.- O Pleno do Concello, en sesión de data 28/01/2013, adoptou acordo de modificación puntual do artigo 30 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo e do Regulamento reitor do Fondo de Acción Social (expediente administrativo nº 23.765/220); acordo de aprobación inicial publicado no BOP nº 57, do xoves 21 de marzo do 2013.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS) establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que co-responde á mesma:

1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social.

2.- *Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.*

3.- *Recepción, estudio e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.*

4.- *Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.*

5.- *Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.*

6.- *Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.*

7.- *Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.*

8.- *En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.*

II.- *No artigo 7 do regulamento contéplase que:*

*“As convocatorias do Fondo de Acción Social (FAS) poderán ter carácter ordinario ou extraordinario, nos termos e co contido que se determine pola Comisión Xestora a través das correspondentes bases, rexendo para o desenvolvemento das mesmas os principios seguintes:*

*-Publicidade, garantindo a difusión e coñecemento das mesmas polo persoal municipal.*

*-Igualdade, nos termos dos requisitos de capacidade económica que se establezan pola Comisión Xestora do FAS a través das correspondentes bases.*

*-Protección do dereito constitucional á intimidade persoal e familiar contido no artigo 18 da Constitución de 1978 e garantía do cumprimento das previsións da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.*

*-Solidariedade, obxectividade e equidade na xestión dos programas integrantes do Fondo de Acción Social.*

*-Responsabilidade na xestión económica do Fondo de Acción Social e no exercicio das funcións atribuídas á Comisión, con especial referencia á obriga de verificación e contraste da veracidade*

da documentación aportada, debendo velar pola ausencia de falsidade en relación aos documentos aportados polos solicitantes.”

III.- O artigo 8 da mesma norma regulamentaria contempla, en canto aos beneficiarios das axudas, que:

“1.- Poderán solicitar axudas con cargo aos programas contemplados no FAS o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentaria e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme.

2.- As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado que se aprobará conxuntamente coas bases, adxuntando a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nas mesmas, debendo aportarse na sede física da Comisión Xestora do FAS, que deberá acusar recibo formal das mesmas ao solicitante.

O prazo para a presentación de solicitudes figurará en cada unha das convocatorias concretas, debendo expresamente contemplar a data de finalización do mesmo.

As convocatorias deberán ser difundidas entre o persoal municipal para coñecemento, ben mediante a inserción de anuncios nos taboleiros dispoñibles nas distintas dependencias municipais, ou ben mediante medios electrónicos ou informáticos (intranet, correo electrónico).”

IV.- En canto á resolución da convocatoria, o artigo 9 recolle que:

“Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión Xestora do Fondo de Acción Social procederá a realización das actuacións previstas no artigo 5 do presente regulamento, formulando en consecuencia proposta de resolución ao órgano municipal competente para a aprobación das retribucións do persoal municipal. En relación coa tramitación administrativa, o Presidente/a da Comisión remitirá a proposta efectuada, debidamente motivada e xustificada ao Servizo de Recursos Humanos, aos estritos efectos de imputación orzamentaria e contable, previos á preceptiva fiscalización do gasto, necesaria para a aprobación polo órgano municipal competente.”

A este respecto, déixase constancia expresa de que o Servizo de Recursos Humanos informa a presente proposta de acordo en cumprimento do establecido no propio Regulamento rector, aos estritos efectos da imputación orzamentaria e contable do importe total das axudas propostas, non correspondendo ao mesmo a verificación documental, o estudo, análise e avaliación de outorgamento das axudas solicitadas, nin a proposta de outorgamento individualizado das mesmas, que resulta ser competencia da Comisión Xestora.

V.- En canto á imputación orzamentaria e contable do gasto, e sempre sen prexuízo do que se estableza no marco da fiscalización preceptiva e previa do gasto nos termos do previsto no Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que pola Intervención Xeral Municipal se realice, aos efectos do preceptivo control da legalidade orzamentaria do gasto, debe indicarse que no Capítulo I de gastos dos vixentes Orzamentos Municipais prorrogado para o exercicio económico 2015, existe unha aplicación orzamentaria específica (clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social) dotada inicialmente cunha contía de 300.506,05 euros e adicada á financiación do Fondo e Acción Social, con cargo á cal enténdese debería procederse á imputación dos gastos que no seu día sexan propostos pola Comisión Xestora do FAS.

VI.- En consecuencia, e sempre nos termos do establecido polo regulamento rector do FAS, elévase a proposta da Comisión Xestora ao órgano municipal competente -Xunta de Goberno Lo-

cal, ex artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo o indicado na seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

*“Primeiro.- Prestar conformidade á proposta formulada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (FAS), na súa sesión de 24/07/2015 e remitida a este servizo en data 27/07/2015 e, en consecuencia, aprobar a convocatoria de axudas sociosanitarias 2015-2ª Fase segundo o Regulamento rector do mesmo aprobado polo Pleno do Concello en sesión de data 28/01/2013 (expediente administrativo nº 23.765/220- publicado no BOP nº 57, do xoves 21 de marzo do 2013). O importe máximo destinado a ditas axudas será de 285.000,00€ , con cargo a aplicación orzamentaria 2210 1620400 “Fondo Social” do vixente orzamento prorrogado para o ano 2015.*

*Segundo.- Notificar o seguinte acordo á Sr. Presidente da Comisión Xestora do FAS e Comité de Persoal, aos efectos de garantir a debida difusión do texto da convocatoria obxecto de aprobación nos termos do previsto nos artigos 7 e 8 do Regulamento rector do Fondo de Acción Social.”*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

#### ANEXO CONDICIONS XERAIS

##### 1.- *Ámbito persoal e beneficiarios.*

*Poderán solicitar axudas o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentario e o personal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme. As axudas comprenderán ao traballador/a, cónxuxe e fillos/as menores de 25 anos (excepto discapacitados), que non teñan ingresos e convivan con este/a.*

*O persoal referido no parágrafo anterior deberá estar en situación de activo ou en excedencia por coidado de fillos/as, no prazo de presentación das solicitudes e reunir os requisitos esixidos polo programa.*

*No suposto de que dous empregados tivesen a condición de beneficiarios en relación co mesmo causante, só un deles terá dereito á axuda.*

##### 2.- *Prazo de presentación de solicitudes.*

*O prazo de presentación de solicitudes será unha vez aprobada esta convocatoria pola Xunta de Goberno Local ata o 30 de setembro de 2015.*

##### 3.- *Solicitudes e documentación complementaria.*

a) *As solicitudes efectuaranse no modelo normalizado, achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria e entregarase na sede física da Comisión Xestora do FAS(comité de persoal 5º andar). Esta acusará recibo formal da mesma e entregarase a/ao solicitante.*

b) *Documentación :*

- *Impreso de solicitude do Fondo Social.*
- *Fotocopia cotexada da factura ou orixinais (non se aceptan recibos), do concepto que motiva a axuda, con data de expedición dende o 01 de agosto de 2014 ata 31 de agosto de 2015.*
- *Páxina da declaración da renda onde figuran os datos familiares. Libro de Familia (só menores de 16 anos). No caso de fillos/as que non convivan co/a solicitante, documento que acredite a axuda económica.*
- *Parellas de feito, documentación acreditativa.*

c) *Requisitos e condicionantes das facturas e documentación a presentar:*

- *As facturas de gafas deberán especificar o importe da montura e dos cristais (para a montura concederase unha axuda máxima de 100 €), e achegárase coa mesma a valoración optométrista.*
- *As facturas de dentista deberán ser detalladas.*
- *A/o solicitante autoriza á comisión para comprobar as retribucións percibidas no concello.*
- *Queda excluída a limpeza bucal do traballador/a por estar cuberta pola mutua.*

d) *A ocultación de datos, a falsidade na documentación achegada ou a omisión da requerida, darán lugar á denegación da axuda solicitada ou á perda da concedida, coa devolución, neste último caso, das cantidades indevidamente percibidas, con independencia das responsabilidades a que tivese lugar. En calquera dos casos, non se poderá acceder a ningún tipo de axuda durante o tempo que determine a Comisión do FAS, atendendo á gravidade dos feitos, cun mínimo de cinco anos e un máximo de dez.*

4.- *Procedemento e resolución.*

a) *Rematado o prazo de presentación de solicitudes, procederá ao seu estudo e cualificación a Comisión do FAS, que, unha vez ultimada a súa xestión, formulará a listaxe de admitidos e excluídos, con indicación neste último caso da/s causa/s de exclusión.*

*Para comprobar a veracidade dos documentos achegados, a Comisión do FAS poderá requirir a calquera solicitante para que presente a certificación que considere oportunas.*

*Os requisitos e condicións familiares e persoais entenderanse referidos ao prazo de presentación da solicitude.*

*A reunión de todos os requisitos exixidos, tanto de carácter persoal, como documental ou formal, permitirá a estimación da solicitude. Pola contra, a falta dalgún dos anteriores requisitos ou documentos que se deben de achegar coa solicitude inicial producirá a desestimación da solicitude.*

b) *Para a concesión da axuda e atendendo ás retribucións anuais do solicitante, establécense os seguintes tramos:*

- TRAMO I - Menos de 25.000 €*
- TRAMO II - De 25.001 € a 28.000 €*

TRAMO III - De 28.001 € a 37.000 €  
TRAMO IV - De 37.001 € a 49.000 €  
TRAMO V - Máis de 49.001 €

c) A comisión do FAS publicará nos taboleiros e na intranet do concello a admisión ou exclusión dos solicitantes.

Os interesados poderán formular as reclamacións que sexan procedentes no prazo de 30 días naturais dende a publicación do listado de admitidos e excluídos.

A axuda pagarase na conta consignada para o ingreso da nómina.

d) O prazo máximo para resolver as solicitudes será de 6 meses, a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das instancias.

5.- Contía da axuda.

A estimación aproximada das cuantías máximo a percibir en cada tramo, serán as seguintes:

TRAMO I - 790 €  
TRAMO II - 585 €  
TRAMO III - 435 €  
TRAMO IV - 320 €  
TRAMO V - 250 €

A comisión do FAS poderá modificar a anterior repartición cando, polo número de instancias presentadas o orzamento establecido para esta axuda non fose abondo para a aplicación dos importes sinalados no punto anterior, de xeito que estes sexan minguados proporcionalmente ata que o importe global das solicitudes aprobadas non supere o importe establecido para esta axuda.

Así mesmo, as cantidades asignadas poderanse incrementar proporcionalmente ata o límite da partida orzamentada, se o número de solicitudes aprobadas así o permite.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **43(999).- RECLAMACIÓNS DE AXUDAS DE ESTUDOS (FAS) 2014-2015. EXPTE. 26968/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.08.15, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 19.08.15, conformado polo concelleiro delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Con data 3 de xullo de 2015, a Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de concesión de "Axudas estudos (FAS) 2014-2015", en base a proposta efectuada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social.*

*Contra ditas axudas presentáronse reclamacións por D. Juan Manuel Alejos Anta, D. Manuel Campos Rodríguez, D. Cesar Comesaña Lago, D. José Angel Hermida Fernández, D. Gerardo López Rey, D<sup>a</sup> Carolina Vicente Rodríguez, D. Alberto Cid González, D. José Antonio Veiga*

Sousa, D. Fernando de Evan Fariña, D<sup>a</sup> Mónica López-Coronado Carnero e D<sup>a</sup> Rosa M<sup>a</sup> Rivadulla Fernández, que foron resoltas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, con data 13 de agosto de 2015, remitíndo a este Servizo de Recursos Humanos acordo ao respecto.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

- I.- Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015.
- II.- Artigos 29, 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.
- III.- Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Vigo para o exercicio económico 2015 -prorrogado-.
- IV.- Artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Imputación do gasto: clasificación económica 22101620400-Fondo Social dos orzamentos municipais (prorrogado) para o ano 2015.
- V.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS), que se incorpora ao presente expediente, establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:
  - 1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social, achégase certificación da Xunta de Goberno Local de data 16/04/2013, de aprobación de ditas bases rectoras.
  - 2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.
  - 3.- Recepción, estudo e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.
  - 4.- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.
  - 5.- Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.
  - 6.- Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.
  - 7.- Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.



8.- En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.

VI.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

